

O malfadado don García, rei de Galicia

Discurso lido o día 4 de marzo
de 1979 no acto da súa recepción,
polo ilustrísimo señor don

Casimiro Torres Rodríguez
e resposta do excelentísimo señor don
Xosé Filgueira Valverde



REAL ACADEMIA GALEGA



O malfadado don García, rei de Galicia

O solemne acto académico
en que foron lidos os dous
discursos recolleitos no
presente volume celebrouse
o 4 de marzo de 1979
no Pazo de Fonseca,
en Santiago de Compostela

A presente edición realizouse
a partir dos manuscritos conservados
no arquivo da Real Academia Galega.
O discurso de Casimiro Torres
verteuse ao galego seguindo as instrucións
que o autor sinalou no orixinal.

Edita
Real Academia Galega

© Real Academia Galega, 2024

Deseño da colección
Grupo Revisión Deseño

<https://doi.org/10.32766/rag.438>

O malfadado don García, rei de Galicia



REAL ACADEMIA GALEGA

A Coruña 2024

Discurso do ilustríssimo señor don
Casimiro Torres Rodríguez



Excelentísimo señor presidente da Real Academia Galega,
excelentísimos señores académicos,
señoras e señores.

Breves palabras en memoria do meu ilustre predecesor don Ramón Artaza Malvárez.

Antes de principiar a lectura do meu discurso de ingreso nesta ilustre e prestixiosa Corporación é natural e obrigado que faga unha leve referencia ao labor meritório do meu predecesor don Ramón Artaza Malvárez.

Nado en Muros o 6 de marzo de 1877, foi licenciado en Dereito, pero non exerceu a avogacía. A súa posición económica desafogada permitiulle dedicar a súa vida a aqueles estudos máis afíns ás súas afeccións históricas e literarias. O abano dos seus escritos é limitado e concreto. O seu mérito radica máis na perfección do contido ca na extensión panorámica, difusa e universal, de imprecisos límites.

Muros, a súa patria pequena, cos seus arredores históricos, xeográficos, etnográficos, folclóricos, míticos, lendarios, relixiosos, constitúe o centro de radiación no seu cerebro e no seu corazón; eses temas voan e entrecrúzanse na súa alma, como as pólas das árbores, que move o vento, e fan que dancen as súas sombras ante os ollos do espectador, que placidamente as contempla.

Non se trata de obras xigantescas, o seu labor quere ser modesto e preciso; mais dentro do limitado marco, perfecto e puído na forma, así como exhaustivo no fondo. Busca a historia nos arquivos municipais ou parroquiais, pero cando non existe testemuña escrita, sabe tirar os datos de arquivos vivos, como os costumes, crenzas, refráns, lendas, música e cantigas, do folclore, o saber do pobo; é dicir, busca nas súas raíces a testemuña histórica. Pero faino con tal perfección e feiteiceira sinxeleza que leva por diante os premios todos dos certames, como *Reconquista de Santiago*,

obra premiada en 1910; *Recuerdos de la muy leal, muy noble y muy humanitaria villa de Muros*, declarada de mérito pola Real Academia de la Historia e adquirida polo Estado; *Muros. Páginas de su historia*, premio ao “talento” da Real Academia de la Historia en 1922; *Da nosa terra: folklorismo e historia* (Noia, 1936); *Diego de Muros III*, premio 1924; *Gelmírez y su época*, primeiro premio nos Xogos Florais de Santiago, 1945.

Corre a voz de que Muros e os seus habitantes son de orixe grega, mais, deixando á beira esta cuestión, pódese afirmar que Artaza ten un concepto helénico da perfección, é dicir, estima perfecto o que está harmonicamente rematado.

As abstraccións e as bretemosas lonxanías, que se perden na escuridade, non entran nos escritos, de contornos claros e diversos, froito da súa mente clara. Como o templo grego, a súa obra é de reducido tamaño, pero acabada nos menores detalles, ou sexa perfecta no sentido etimolóxico de totalmente acabada.

En 1976, o padroado da Fundación Pedro Barrié de la Maza, Conde de Fenosa, acordou concederlle o premio de 250 000 pesetas anuais con carácter vitalicio en unión con don Ramón Otero Pedrayo e don Eduardo Blanco Amor. Pertenceu ás Academias da Historia e Galega, así como ao Instituto do Minho de Portugal. Obtivo varias condecoracións, entre elas a Cruz do Mérito Militar.

O malfadado don García, rei de Galicia

O rei García non só foi malfadado en vida, senón que o malfado o acompañou ao longo da historia. Cronistas contemporáneos, ou moi achegados no tempo, e aínda os historiadores modernos, trátano con dureza e severidade. O mínimo que se di del é que era débil, desconfiado e amigo de ouvir contos e denuncias.

Non obstante, entendemos que aínda que non hai ninguén sen chatas, aínda entre os homes cimeiros, tampouco podemos xulgar nin aos considerados feces da humanidade, desprovistos de toda virtude e mérito. É o caso do rei García, o primeiro deste nome en Galicia. Imos tratar de xulgar este malfadado monarca, condenado na súa vida e non menos aldraxado na historia, encarnación da historia de Galicia, e talvez a súa máis auténtica expresión, coa serea ollada de crítica imparcial.

A SÚA VIDA

Naceu don García cara ao ano 1045; ou mellor, entre o ano 1042 e o 1045. Polo tanto, tería de ser uns trece anos máis novo ca súa irmá maior Orraca, nacida en 1032, cinco máis novo ca Sancho II, catro máis ca Elvira, e dous ou tres máis novo ca Afonso VI. Era o derradeiro fillo de Fernando I e Sancha de León, casados en 1032 (Flórez 1761, I, p. 140; 1763, pp. 315-316).

Como todos os fillos menores, hai que supoñer que na súa nenez sería obxecto dos mecos de seus pais e irmáns; ao mesmo tempo sobre si pesaría non só a autoridade paterna, senón a de seus irmáns máis vellos, da cal usarían e abusarían ás costas dos seus pais.

Se supoñemos que, cando menos na nenez, foi obxecto de predilección paterna, e sobre todo materna, tamén hai que supoñer que aumentaría en proporción a envexa e receo de seus irmáns. Adoitan os pais prodigar máis tenro cariño aos fillos últimos, por natural inclinación a compensar a máis feble condición dos mesmos en relación cos irmáns maiores.

Esta predilección produce entre os irmáns celos e envexas, que acostuman translucirse en burlas, mans violentas e outras aldraxes. Lembremos o episodio bíblico de Xosé e os seus irmáns. Hai que engadir a isto que a debilidade e a covardía eran consideradas no século XI como o meirande dos vicios, que facían menosprezable, perante os irmáns varóns, e aínda entre as mulleres, o menor con inclinación pronta a impoñer e a exercer sobre el certo paternalismo ou tiránico dominio.

Por tanto, podemos concluír que o rei García I herda pola súa condición de fillo menor un complexo de submisión sobexa, de desconfianza de si mesmo e necesidade de apoio nos demais. Por isto facilmente se entrega a aqueles en quen cre atopar apoio, como no tristemente célebre Vénula; e non sabe defenderse das intrigas e delacións coas que este trata de acrecentar a súa privilexiada situación. Como resumo, foi débil e desconfiado cos leais e, en troques, confiado en exceso cos seus irmáns. Máis ca un *minus válido*, ou subnormal, parece ter adoecido de infantilismo, indecisión e debilidade.

A EDUCACIÓN DO REI GARCÍA

Os seis pais Fernando I e Sancha enviárono á Escola Catedralicia de Santiago de Compostela, nos seus primeiros anos, para a súa preparación nas artes liberais (López Ferreiro 1898-1909, II, p. 518; Flórez 1763, p. 316). Pois como di a *Crónica silense*: o rei Fernando adoitaba instruír os seus fillos e fillas nos seus primeiros anos nas disciplinas liberais, nas que el tamén se educara. Estas eran dende a época de santo Isidoro o *Trivium* e o *Quatrivium*: é dicir, gramática, retórica e dialéctica; e aritmética, xeometría, música e astronomía (Isidoro 1778, *Etymologiarum liber*

primus, II, pp. 1 e 2). O *Trivium* modificouse por Murethach (1977, pp. XXI e 55; Díaz y Díaz 1975, p. 185).


Funcionaba a devandita escola baixo a dirección do bispo Cresconio (Risco 1796, p. 65). Alí tivo como condiscípulo a Paio, que en 1065 foi bispo de León. A idade de García cando ingresou na Escola Catedralicia de Santiago non superaba os dez anos, dado que tivo lugar no ano 1053, como consta ao final da escritura anotada por Risco: “En esta Era de 1091 llevó el Obispo D. Cresconio al Infante García a Galicia”. Di a *Historia Compostelana* que os bispos composteláns adoitaban ir ás guerras, de aí o proverbio: “Bispo de Santiago báculo e bésta”.

Entrou nos plans de Fernando e Sancha dedicar a García ao estado eclesiástico? Non parece probable, dado que se sabe que en Compostela coincidiu coa chegada duns peregrinos belgas, presididos por Roberto, monxe do mosteiro de Santiago en Liexa. Foron recibidos con agarimo e cortesía por don Cresconio e polo infante don García, dado que na comitiva viñan persoas a quen lles interesaba agasallar (Risco 1796, p. 65).¹

Ao despedirse solicitaron unha reliquia do Apóstolo; don Cresconio accedeu axiña ao seu pedimento e concedeu un óso do brazo do corpo de Santiago. Esta facilidade en concederlles reliquia tan insigne explícaa o historiador da Igrexa de Liexa Bartholomaeus Fisen porque o infante don García, seguindo instrucións de seu pai e de súa nai, aspiraba a casar con Xudite, unha das dúas irmás do emperador de Alemaña Henrique IV, e quería que devanditos peregrinos levasen a nova da súa aspiración á Corte Imperial (Fisen 1642, VIII, 27; López Ferreiro 1898-1909, II, pp. 18-19). Non ficaban curtos na elección de esposa para o seu fillo, posto que o Imperio de Henrique III comprendía todas as Alemañas dende o Oder deica o Rin, o reino de Borgoña, que incluía os Países Baixos, Italia e certo dominio sobre Hungría e Polonia.

Non temos noticia dos mestres e do funcionamento da Escola Compostelá, pero temos unha obra que avoga polo seu prestixio. Trátase do *Libro de horas de Fernando I*, que hoxe se conserva na Biblioteca da Universidade de Santiago.

¹ *In ista Era LXXL I leuauit episcubo domno Crisconio ad illo infante domno Garcia ad Galletia. Historia Compostelana* (Campelo 1950, II, 1, p. 240).





Reproducción dunha miniatura do *Libro das horas de Fernando I* que se conserva na Biblioteca da Universidade de Santiago de Compostela, feita polo artista Juan Fernández Vicente.


A súa esmerada letra carolina e as súas preciosas miniaturas e letras floreadas, así como a fina vitela dos seus folios, indican claramente que había en Compostela a mediados do século XI unha escola de calígrafos e miniaturistas de alto nivel; e que se coñecía a técnica de preparar a pel de animais novos para a edición de libros, como o exemplar que aínda hoxe nos causa admiración. López Ferreiro sostén que ese *Libro de horas* debeu ser escrito en Santiago, ou Galicia, porque di: *Petrus erat scriptor, Frictosus denique pictor*. *Frictosus* é a forma galega de *Fructuosus*, que hoxe dá *freitoso*, que quere dicir frutífero (López Ferreiro 1898-1909, II, p. 525).

Non se coñecen os progresos que nesta escola fixo don García; pero en troques sabemos que foron grandes os do seu condiscípulo Paio, que en 1065 foi nomeado bispo de León e no seu testamento di que recibiu educación e estudo en Santiago de Compostela (Risco 1786, pp. 110-111). Tamén foron alumnos prestixiosos de dita escola e case contemporáneos de don García, Xelmírez, notario e chanceler do conde de Galicia, don Raimundo; e despois o grande e primeiro arcebispo de Compostela, cuxa sé conquisou elevar á dignidade de metropolitana. Tamén merecen citarse os cóngos Ecta Gundesíndez e Arias Díaz (López Ferreiro 1898-1909, II, p. 522).

Don Cresconio, ou don Crescencio, educou con paternal afecto a García en Compostela e preocupouse do seu porvir, como se deduce do feito de lle procurar como consorte a irmá do emperador Henrique IV de Alemaña, filla de Henrique III, pero este matrimonio non se levou a cabo. Tampouco sabemos que García casase con ningunha outra muller.

Cando se fixeron estas tentativas de desposalo coa infanta imperial Xudite non superaría García a idade de dez anos. Como afirma o *Cronicón silense*, o rei Fernando educaba os seus fillos e fillas nos primeiros anos nas disciplinas liberais. Cando a idade o permitía, seguindo o costume español, adestrábaos en montar a cabalo, nas armas e na caza (Flórez 1763, p. 316). Por tanto, hai que supoñer que García foi afeito convenientemente na arte da equitación, no manexo das armas e na caza. Esta última levaba anexos duros riscos, ao enfrontarse con animais perigosos, como lobos, osos ou xabarís. No sartego de Fernán Pérez de Andrade “o Bo”, en Betanzos, podemos apreciar como un cazador ataca coa súa lanza de fronte un porco bravo.

Tamén debeu recibir educación piadosa e relixiosa. No ambiente clerical en que se criaba, a carón do santo bispo Cresconio, a súa formación sinxela e sincera foi talvez máis adecuada para un candidato ao sacerdocio que para o desempeño da dura



función rexia que o agardaba. Por iso, será máis dunha vez vítima do arraposoamento dos seus propios irmáns.

Tratou sempre con gran respecto e consideración os bispos e os abades. Fixo varias doazóns e xurou respectar os seus dereitos, e non consta que xurdise conflito algún entre o rei e as autoridades eclesiásticas en todo o seu reinado.

Nos comezos do seu reinado, é dicir, no 1066, fixo, como era costume, xuramento solemne ao bispo de Lugo don Vistrario, e aos condes don Mido e don Sancho, de conservar todas as súas honras e respectar a posesión dos seus bens (*Tombo antigo de Lugo*, nº 79, en Risco 1796, p. 174).

No ano 1067 fixo outra doazón ao mosteiro de San Antonio de Toques, que consistiu na herdade e coto de Meire e a súa xurisdición temporal (Risco 1796, p. 174; López Ferreiro 1898-1909, II, p. 546). Este mosteiro de San Antonio, hoxe Santo Antoíño de Toques, estaba situado na parte occidental do monte Corno de Boi, a tres leguas de Arzúa.

Segundo o *Liber fidei* de Braga, a pedimento de don Cresconio, bispo de Santiago, e de don Vistrario, de Lugo, accedeu en 1066 á edificación da igrexa de Braga, cidade xa reconquistada e a salvo das incursións dos mahometanos (Ferrerías 1700-1702, V, p. 117).

Por tanto, podemos concluír que don García foi entregado ao bispo Cresconio como pupilo; este instruíuno e educouno con afecto paternal. A súa educación foi austera e respectuosa para a relixión cristiá e os seus ministros; pero a súa preparación política e guerreira non tivo o clima de dureza necesaria para crear nel un carácter forte e precavido en orde á difícil situación que o agardaba á fronte do seu reino. Máis que forte carballo, ou rexa aciñeira, foi un débil gromo dos seus devanceiros, afectado da psicose que se designa co nome de infantilismo. De non ser que o supoñamos xa feble por natureza; e por tanto *quod natura non dat, Salmantica non praestat*. Non obstante, como máis tarde exporemos, non lle faltou intuición política sorprendente, e tal vez xenial; pero si coordinación entre o seu pensamento e a súa acción, entre os seus soños e as súas posibilidades de realización.

REPARTIMENTO DO REINO FEITO POR FERNANDO I EN 1063


Así describe o *Cronicón silense* o repartimento do seu reino feito en vida por Fernando I:

Después de la traída del cuerpo de Isidoro, santo pontífice, cuando Fernando serenísimo príncipe se hallaba en su trono de León ocupado en la defensa, ampliación y ornamento de su reino, a fin de que, si era posible, después de su muerte, mantuviesen entre si la paz, tuvo a bien dividir el reino entre sus hijos. Así dio a su hijo predilecto Alfonso la región de los Campos Góticos (Tierra de Campos) con todo el reino de León. A Sancho, su primogénito, le dio el reino de Castilla. Al mas joven García le entregó Galicia. A sus hijas encomendó todos los monasterios de su reino, con la condición de que durante su vida se abstuviesen de la unión marital (Flórez 1763, pp. 327-328).

O *Cronicón Compostelán* vén dicir o mesmo; pero engade que lle concedeu a García, o seu fillo máis novo, Galicia con Portugal e o reino de Sevilla con Badaxoz, aínda que estes últimos estaban aínda en mans dos sarracenos; non obstante, como o de Zaragoza e Toledo, pagaban tributo (Flórez 1767b, p. 609). Paio, bispo de Oviedo influído polos relatos xograrescos, inclúe no reino de Sancho Nájera e Pamplona, e Trasmiera no de Afonso (Flórez 1758, p. 471).

Case coas mesmas palabras refire o reparto o Tudense; pero con algúns detalles engadidos en relación con don Sancho, a quen fan asignar Castela, Nájera e Pamplona con todas as realezas que lles pertencen, dende os montes Pireneos até Tolosa; e a don Afonso León até o río Pisuerga; todas as Asturias dende Trasmiera até o río Eo; Astorga, Terra de Campos, Zamora, Campo de Toro e o Bierzo, até a vila de Ux e o monte Cebreiro. A García toda Galicia á volta con Portugal. Ás súas fillas Orraca e Elvira todo o Infantado, cos mosteiros que edificara; amoestándoas que ata a saída desta vida ferooseasen esas igrexas e vivisen sen axuntamento marital (Lucas 1926, p. 358).

O desmembramento dun reino, como di Menéndez Pidal, nacía do concepto bárbaro da realeza como patrimonio persoal, e da debilidade do Estado como organismo social (Menéndez Pidal 1929, I, p. 156). Os visigodos moi romanizados non dividiron os seus reinos. Pero dividírono os reis francos merovingios e carolingios con frecuencia. En España dáse esta división no tempo de Afonso III, e faino



especialmente Sancho o Maior de Navarra, pai de Fernando I; e danse estas particións entre os reis árabes de taifas (Menéndez Pidal 1929, II, p. 157).

Tales particións foron sempre orixe de guerras fratricidas. Non sucedeu de outro modo neste reparto de Fernando I. Lonxe de consolidar a paz, a división do seu reino entre os seus fillos feita por Fernando I deu orixe a disentimentos, perxurios e guerras, e a toda clase de males.

Fernando I exixiu probablemente a seus fillos o xuramento de garantía mencionado polos xograres; non obstante, como di Menéndez Pidal, segundo as xestas poéticas dos xograres que se repetían no século XII, don Sancho levara moi mal este pedimento e díxolle a seu pai que non o podía facer porque os godos estableceran que nunca se partise o imperio de España, senón que fose todo dun único señor (Menéndez Pidal 1929, II, p. 155). O resto dos convocados aplaudiu o repartimento.

Con todo, a partición fíxose con bastante habilidade e mestría, para evitar futuras loitas. Divide o reino entre os seus tres fillos; é dicir, substitúe a súa unidade por un triunvirato, no cal é máis difícil a expropiación, dado que sempre serían dous e, por tanto, superiores en forza, os que vetarían as apetencias ambiciosas dun terceiro. Dá a entender Fernando I que coñecía ben a psicoloxía dos seus fillos; a Sancho loitador, intrépido, forte e afouto, faino rei de Castela, con fronteiras en tensión por todos os lados, ou sexa, con Navarra polo leste, con León polo oeste e cos musulmáns polo sur. A García de carácter feble, máis soñador ca emprendedor, máis instruído ca aguerrido, deulle Galicia e Portugal, *terra relegata*, que tiñan as costas gardadas polo mar e só corrían perigo dos ataques normandos, que dende S. Rosendo deixaran de ser temibles. Os reinos musulmáns do sur perderan todas as posibilidades de ataque e avíñanse a pagar as súas *parias* a unha doce indolencia e a vivir da condescendencia dos reis cristiáns.

Ao seu fillo Afonso, equilibrado, nin temerario nin covarde, intelixente e activo, enérxico e afofo, deixoulle a cidade imperial de León e gran parte de Asturias cos *parias* de Toledo. Era o reino de maior tradición, que ao mesmo tempo se interpuña e impedía que o belicoso Sancho II lle arrebatase o seu reino ao feble e negligente García. Por outro lado, ao prohibir o matrimonio das súas dúas fillas Orraca e Elvira, cortaba de raíz as posibles intrigas e apetencias dos homes das princesas, tal e como fixera Carlomagno.

Así e todo, os máis estudados cálculos adoitan fallar no acontecer histórico, e isto sucedeu no caso da división do reino de Fernando I. No mesmo ano de 1063, en que

se dividiu o reino segundo Ferreras, ordenoulles Fernando I a seus fillos Sancho II e García I que tomasen posesión dos seus respectivos reinos (Ferreras 1700-1702, V, p. 110). Don García unxiuse e coroouse rei de Galicia na Igrexa de Santiago polo seu preceptor o bispo Cresconio (López Ferreiro 1898-1909, II, p. 528).

COMEZA O REINADO DE GARCÍA I EN GALICIA


Entre os anos 1064 e 1065 comeza o reinado de García I en Galicia, é dicir, aos vinte anos, en plena adolescencia, sen experiencia. Marxinado dende os dez anos e baixo a pupilaxe do bispo Cresconio, agora obtén o reino tamén marxinal de Galicia, baixo a sombra protectora do bispo. Separado aos dez anos do resto dos seus irmáns, non compartiu con eles durante moito tempo xogos, afectos e disputas infantís. A súa infancia non foi unha idade de ouro de gratos recordos. Baixo a éxida episcopal tivo ensinanzas e consideracións; mais non agarimo familiar e espontánea expansión.

É probable que non xogase a torneos ou á guerra, deportes favoritos entre os xogos infantís do seu tempo. Non é probable que acompañase a seu pai Fernando I nas guerras auténticas contra os mouros ou contra os reis de Navarra, que disputaban as súas terras, como seguramente fixesen seus irmáns Sancho e Afonso.

Só consta que acompañou ao seu pai xunto coa súa nai, irmáns e irmás, no sitio de Coímbra en 1064. Despois da partición testamentaria feita por Fernando I, tras a toma de posesión do seu reino de Galicia, García, con ocasión da chegada a Santiago de Fernando para pedir auxilio ao Apóstolo para acometer a devandita empresa guerreira, acompañouno coa súa nai e irmáns (Menéndez Pidal 1929, I, p. 160; Herculano 1856, I, pp. 383-384).

Estudou e rezou, e nisto pasou gran parte da súa adolescencia, e soñou con realizar grandes fazañas, mais non se preparou para poder converter os seus soños en realidades. Malia todo, non debemos esquecer o adagio que corría segundo a *Historia compostelana*: “Obispo de Santiago báculo e bésta”. Marxinado no seu reino, tamén o foi da súa familia, para a que seguiu sendo o perpetuo neno ausente. O báculo episcopal protexeuno no seu incipiente reinado.

No principio do seu reinado, posiblemente aconsellado por don Cresconio, fíxolles xuramento solemne ao bispo de Lugo don Vistrario e aos condes don Mido e don Sancho, de conservar todas as súas honras e respectar a posesión dos seus bens,



con data de 17 de febreiro de 1066 (Risco 1796, p. 174). Era vital para el o apoio eclesiástico.

En 25 de xuño de 1066 subscribe un documento de doazón feita por dona Orraca á Igrexa de Santiago, en unión coa súa nai a raíña viúva dona Sancha, e dos seus irmáns dona Elvira, don Sancho e don Afonso (López Ferreiro 1898-1909, II, p. 528). No mesmo ano, segundo o *Liber Fidei* de Braga, a pedimento de don Cresconio e de Vistriario de Lugo, reedificou a Igrexa de Braga, cidade xa reconquistada e a salvo das incursións dos mahometanos (Ferrerías 1700-1702, V, p. 117).

En 1067 perdera xa o rei don García, debido ao pasamento de don Cresconio, o grande apoio que este bispo lle prestaba coa súa poderosa influencia e cos seus consellos; pois no privilexio concedido por este rei ao mosteiro de Santo Antoíño de Toques, con data 28 de febreiro de dito ano, asina Gudesteo, sucesor de Cresconio na cadeira episcopal de Santiago: *Gudesteus Apostolicae Sedis Episcopus* (Argáiz 1675, III, p. 391; López Ferreiro 1898-1909, II, p. 546).

Porén, a morte de don Cresconio non tivo inmediatas consecuencias políticas, porque o seu sucesor don Gudesteo, como di López Ferreiro, propúxose como modelo o seu predecesor (López Ferreiro 1898-1909, II, p. 546). Non cambiou máis que a persoa, pois continuou o valioso soporte episcopal ao débil monarca. Como tampouco causou ningún trastorno en Galicia a morte do seu pai Fernando I o 27 de decembro de 1065.

No entanto, si tiveron graves consecuencias políticas as mortes de dona Sancha, a súa nai, en 1067 e do seu protector don Gudesteo no ano 1069. A morte de dona Sancha, que tivo lugar o 7 de novembro de 1067, deixou en liberdade ao seu fillo Sancho, o Forte, para tratar de anular as disposicións testamentarias de Fernando I, e para recuperar os reinos dos seus irmáns, que ao seu xuízo lle pertencían pola súa calidade de fillo máis vello (*Annales complutenses*, en Flórez 1767b, p. 314; *Annales compostellani*, en Flórez 1767b, p. 320; *Crónica Najerense*, en Cirot 1909, p. 267; *Anales toledanos*, I, en Flórez 1767b, p. 385).²

Desta loita emprendida por Sancho II tratarase máis adiante.

2 O documento citado da doazón feita por dona Orraca á Igrexa de Santiago (López Ferreiro 1898-1909, II, p. 528), no que subscriben os tres irmáns, é unha proba da boa harmonía entre eles no ano 1066, é dicir, antes do pasamento de dona Sancha.

A Historia Compostelana refire así o asasinato do bispo de Santiago Gudisteo:


Habiase retirado a Iria el Señor Obispo en dichos días para observar el sagrado tiempo de cuaresma; y allá envió el conde [don Froilán, o seu tío] a sus emisarios para hablarle. Recibiolos el obispo benignantemente, sentolos a su mesa y como familiares suyos los acomodó en su misma morada para descansar. Ellos, levantándose de noche mientras el obispo dormía y andando de puntillas (*tacitis gressibus*), franquearon la puerta al bosque donde estaba escondido aquel impiísimo Froilán con su hueste; y partiendo de allí con él pausadamente los pérfidos entraron de golpe en el aposento donde yacía dormido el obispo y, con impía crueldad, lo despedazaron en la era I CVII [1069]. (*Historia Compostelana*, Campelo 1950, p. 29)

Esta aleivosa morte, con todas as agravantes de hipócrita traizón e deslealdade sacrílega, causa no infantilizado rei García un complexo de terror e desconfianza. O medo facíao reaccionar de modo adusto e cruel. Estimulaba a súa desconfianza certo cortesán ou valido, chamado Vénula; Verna segundo Berganza, ou mellor dito, alcumado Vénula, cuxo nome significa escravo, e polo tanto máis parece que lle deran este adeallo ao humilde personaxe, ou de nobreza inferior, que chegou a domear o rei García por medio da intriga e da delación. Privado do consello e soporte dos bispos, inexperto, caeu en mans dun intrigante e vil delator, que lle fai ver perigos imaxinarios e o move a actuar contra leais e honrados personaxes do seu reino, a quen acusaba de felonía ou falta de fidelidade, delito gravísimo nesta época cabaleiresca.

Esta conduta fixo que se estendese o malestar e as murmuracións entre os seus súbditos. Máis que contra o rei García, medraba a aversión contra o favorito Vénula. A mocidade inexperta de García desculpa o feito de que se entregase ás mans deste felón. Algúns dirixíronse aos irmáns do rei García, é dicir, a Sancho e a Afonso, e ofrecéronlles apoio para a conquista de Galicia; outros desterráronse voluntariamente e puxéronse ao servizo de Sancho ou de Afonso.

A BATALLA DE LLANTADA

Durante a primeira batalla, a batalla de *Plantata* ou Llantada, antes da cal os seus irmáns Sancho e Afonso arranxaran entre si unha especie de duelo, ou xuízo de Deus, reunidos en Burgos na primavera de 1068, García debeu de se manter neutral e en paz cos seus súbditos, seguindo o consello do bispo Gudisteo. Sancho e Afonso



acordaran amigablemente celebrar unha batalla e que o rei vencedor recibiría o reino do seu irmán, segundo o *Cronicón* de don Pelayo. Fixouse a data para o 19 de xullo de 1068, e o lugar, nos Campos de Llantada. Os leoneses foron os vencidos, mais, de existir a condición referida, esta non se atendeu (*Pelayo ovetense*, en Flórez 1758, p. 472).³

Afonso refuxiouse coas súas hostes dentro dos muros de León. Sancho comprendeu que non procedía poñerlle sitio, dado que Afonso nunha guerra longa contaba con máis probabilidades de saír vencedor, xa que podía obter a axuda do reino de Galicia, coa dotación de homes e víveres. En troques, Sancho podía vencer nunha guerra relampo, mais levaba as de perder nunha guerra longa, posto que a súa fronteira oriental continuaba a ser fronteira de tensión e, cando menos, non cabía agardar axudas.

Marchou Sancho cos seus casteláns a Burgos malhumorado e resignado, até que en 1071 decidiu cambiar os seus plans estratéxicos. Nesta loita ignoramos en realidade se García se mantivo neutral ou se axudou a algún dos contendentes; polo que diremos máis adiante, é posible que se inclinase cara ao bando de Afonso.

O que é indubidable é que comezou a loita interna entre o rei e os seus vasallos, indignados coa cada vez maior privanza de Várnula, á morte de don Gudisteo na primavera de 1063. Hai que destacar un feito: tratou de cambiar o lugar da súa corte, que nos primeiros anos debeu de estar situada en Compostela, e poñela primeiro en Ribadavia (Francelos) e despois en Braga. Este cambio de capitalidade, así como o proxecto de expansión cara ao sur, fai sospeitar que non estaba completamente privado de iniciativa política, posto que cos seus plans, que as circunstancias fixeron cambiar, marcou a traxectoria que había de constituír no futuro o reino de Portugal. O bispo de Santiago quedaba como unha especie de vicerrei. Con este cambio de capital conseguía librarse de dous perigos que o ameazaban: a posible tutela dos bispos de Santiago, cuxo poder crecía vertixinosamente coa devoción ao Apóstolo, e o enfrontamento cos poderosos bispos composteláns.

Rematada en táboas a primeira guerra, é dicir, a batalla de Llantada entre Sancho e Afonso, e asasinado o bispo Gudesteo na coresma de 1069, a oposición entre García e os seus súbditos medraba vertixinosamente. Murmurábase en todos os castelos e residencias señoriais sobre o valido do rei, a quen acumaban Várnula. Buscouse

3 A *Crónica Najerense* nada di sobre a condición fixada. Só fala de ter sinalado o lugar da batalla (Ciro 1909, p. 269).

apoio para a sublevación contra o inepto monarca entre os seus irmáns Afonso e Sancho, e incluso entre os normandos; non obstante, non se chegou de momento a sublevación ningunha na Galicia lucense. Son os bracarenses e os portugalenses os primeiros que optan pola sublevación. Á fronte da mesma púxose un nobre chamado Nuno Menéndez, que asina entre os primeiros nunha doazón do rei García feita o 16 de maio de 1070. Antes de se iniciar a batalla, que se deu nun lugar chamado Pertolini,⁴ entre Braga e o río Cavado houbo conversacións nas que os sublevados pediron a destitución de Vérnula. O rei García rexeitou este pedimento e, cun exército reunido na provincia lucense, derrotou os sublevados, e o seu xefe Nuno Menéndez morreu na batalla (*Cronicón lusitano*, en Flórez 1758, p. 405; Herculano 1846-1853, I, p. 166; Herculano 1856, I, p. 304; Ximénez de Rada, *De Rebus Hispaniae*, V, 17; Vicetto 1861, III, pp. 325-326).⁵


A vitoria conseguida polo rei García consolidou a situación do seu ministro Vérnula, quen a cada intre priva con maior cinismo en todas as decisións de García, e fai coas súas delacións que García governe os seus súbditos por medio do terror, máis que polos imperativos da lei e da xustiza. Esta conduta forzou que os condes e baróns da provincia lucense pedisen a voz en grito a destitución de Vérnula. Ao principio creu García que facilmente dominaría a situación, como fixera cando a sublevación portuguesa. Pero, ao chamar as mesnadas dos seus condes e baróns á loita, atopou que estes pasaban ao bando dos sublevados e, polo tanto as forzas da sublevación adquirían meirandes dimensións. Ante a gravidade da situación convocou os que se mantiñan adeptos a unha reunión no seu palacio de Ribadavia. Moitas cousas tivo que oír o monarca por boca de aqueles a quen consideraba leais servidores. Tampouco García baixou de ton ao reprocharlles a súa conduta, posto que exasperados, na súa presenza, déronlle morte ao odiado Vérnula, a quen culpaban do desastroso goberno do rei (Ximénez de Rada, *De Rebus Hispaniae*, V, 17).

Nada puido facer este para evitar tal desacato, senón proseguir obcecado no seu goberno de represión e crueis castigos. En vista disto, a maior parte dos seus vasallos acudiron aos reis Afonso e Sancho para que interviñesen en Galicia.

Dende a vitoria de Pertolini, García ocupárase da restauración da cidade de Braga; fixera doazón do mosteiro de Cordario, coa intención de facela

4 [N.e.] Pode referirse ao lugar de Pedroso, na freguesía portuguesa de Mire de Tibães, onde se desenvolveu a batalla do mesmo nome.

5 Berganza (1719, I, p. 424), chámalo Verna. Respecto da súa corte en Ribadavia, véxase Chamoso (1941, p. 11).



capital do seu reino, como fora xa no Reino dos Suevos (Flórez 1759, p. 178; Chamoso 1941, p. 11). Tamén parece que tratara de estender o seu reino cara ao sur, nunha franxa costeira moi semellante á que hoxe ocupa Portugal.

O certo é que mentres García se achaba en Braga, o seu irmán Afonso atopábase en Tui, coa infanta dona Orraca e con varios condes e bispos leoneses. Asistiron o 13 de xaneiro de 1071 á restauración da catedral de Tui, que destruída polos normandos permanecía vacante dende había cincuenta e cinco anos. García fixo doazón de Vilar de Mouros á dita sé (Flórez 1767a, p. 248; Herculano 1856, I, p. 306). Como se achaba naquel momento Afonso VI en Tui? Menéndez Pidal supón que en son de guerra, é dicir, como mediador entre García e os seus súbditos, e que logrou a submisión do seu irmán (Menéndez Pidal 1929, I, pp. 185-186). Así e todo, talvez non sexa absurdo supoñer que o propio García lle pediu axuda ao seu irmán, para lograr a pacificación dos seus súbditos, posto que, segundo a nota contida no *Liber Comicum*, dise que Sancho II moveu a guerra contra García *ob frandem sui fratris Garseani ira conumotus*; ou sexa, talvez xulgou como unha traizón de García o feito de acudir a Afonso, para que en calidade de emperador lle axudase a pacificar o seu reino (Berganza 1719, I, p. 426; Menéndez Pidal 1929, I, p. 186). Dende logo, cabe supoñer que Sancho II se sentise prexudicado e aínda traizoado por recorrer García a seu irmán Afonso en demanda de auxilio, para dominar a sublevación dos seus súbditos, aínda que este auxilio se prestase a xeito de intervención imperial. Esta intervención acrecentaba o poder e prestixio de Afonso VI con mingua do dereito preferente de Sancho II, e podía considerarse como verdadeira traizón. Sancho non podía consentir esta alteración do equilibrio entre os tres reinos en favor de Afonso.

PRISIÓN E DESTERRO DE GARCÍA I DE GALICIA

É posible que a reclamación de Sancho II se dirixise en primeiro lugar contra o seu irmán Afonso VI. Este tratou de arranxar o asunto pola vía diplomática e deuse présa para evitar unha segunda guerra, dado o carácter explosivo de seu irmán Sancho.

Así, vemos que o 1 de febreiro de 1071 achábase Afonso en Tui reunido con seu irmán García, cuxos actos confirma con aire de emperador: *legionensis imperii rex, et magnificus triumphate*. O 19 de febreiro estaba xa de volta en León, e aos poucos días visita a seu irmán Sancho na propia Castela. O día 26 de marzo do mesmo ano 1071 réunese con el nunha xunta da súa corte, na cal o acompañan as súas irmás Orraca e


Elvira, na cidade de Burgos. Por parte de Sancho II asisten a esta xunta a súa muller Alberta, coa que acababa de casar, e os principais bispos, abades e condes casteláns. Entre os abades estaban san Sisebuto, abade de Cardeña, e santo Domingo, abade de Silos. Tamén asistiron os altos personaxes García Ordóñez e Rodrigo Díaz (Herculano 1856, I, p. 306; Flórez 1767a, p. 66; Menéndez Pidal 1929, I, p. 186). Nesta xunta, posiblemente considerando a incapacidade de García para rexer o seu reino, acórdase facer unha repartición entre Afonso e Sancho.

A poesía xograresca refire que Sancho e Afonso se entrevistaran en Sahagún, e aquí Afonso negouse a ir contra o disposto polo seu pai, pero accedeu a deixar paso libre polo seu reino, a condición de que Sancho lle entregase a metade do conquistado (Menéndez Pidal 1929, I, pp. 186-187). A cobiza venceu os escrúpulos, ou mellor, a conciencia do deber.

En Burgos formalizouse este previo acordo coa presenza das altas personalidades que anotamos anteriormente. Esta partición de Galicia tivo a virtude de facer as paces entre os irmáns, que antes estaban rancorosamente inimizados. É posible que Fernando I, ao facer as partillas entre os seus tres fillos, pensase que os dous máis febles poderían unirse e contrarrestar un ataque do irmán máis forte; pero seguramente non pensou en que os dous irmáns máis fortes e poderosos puidesen unirse para desposuír o máis débil.

Non están de acordo as fontes en canto ao modo en que se levou a cabo o ataque, que terminaría co despoxo, prisión e desterro do rei García de Galicia. Berganza di (1719, I, p. 426):

En un Códice del Monasterio de Silos, intitulado Orelogio, y por otro nombre *Comitum* (así llamaban antiguamente el libro, que servía para cantar las Epístolas y los Evangelios), el cual fue escrito en tiempo de Santo Domingo, avia un Chronicon, que comenzaba desde el rey D. Pelayo hasta el rey D. Alfonso Sexto, el cual arrancaron, cortando las hojas con un cuchillo (de la misma manera arrancaron otro, que estaba en la Biblia Gótica de Cardeña, que comenzaba desde el primer rey godol) el que cortó el de Silos andaba tan de prisa, que dexó un pedazo de la Historia del Rey D. Sancho, y en él se leen estas palabras: *Era M.C.VIII, Rex Sanctius, proles Ferdinando, ob fraudem fratris sui Garseani ira commotus, eum de Gallecia expulsus et captus in Oppidum Burgos in exilium trusit...*”



Na era de 1109 (ano 1071), o rei Sancho, fillo de Fernando, pola traizón do seu irmán García enfurecido, despois de desposuílo de Galicia e de facelo prisioneiro, tróuxoo desterrado á cidade de Burgos.

Cal foi o feito levado a cabo por García no 1071 que merecese o cualificativo de fraude ou traizón que lle dá o seu irmán Sancho? Dende logo non parece ter relación coa batalla de Llantada, da que tratamos en páxinas anteriores, dado que dita batalla se deu en 1067 e o temperamento impulsivo de Sancho non é probable que demorase tanto tempo a súa vinganza.

Ademais, a posibilidade de traizón nesta batalla só se explicaría no caso de prestarlle axuda a seu irmán Afonso, cousa tamén improbable; pois, como tamén dixemos, máis que batalla foi unha especie de duelo, ou “xuízo de Deus”, para evitar un derramamento de sangue e os estragos dunha guerra. Segundo a poesía xograresca, conveuse entre os dous dirimir a cuestión cun combate entre un reducido número de cabaleiros de ambos os bandos. O bando vencedor proclamaríase dono do reino do monarca vencido ao seu rei. De feito non foi así, posto que Afonso se negou a respectar o pactado. De todos os modos, hai que convir en que o encontro non tivo consecuencias desastrosas para o grupo vencido.

Afonso VI limitouse a encerrarse dentro dos muros de León, e Sancho, non contando con forzas e outros recursos suficientes para un asedio, volveu ao seu reino de Castela. Aínda que talvez pensou nunha posible axuda por parte de García ao seu irmán Afonso no caso de que se decidise a sitiar a cidade e capital de León, tal axuda non se deu sinxelamente porque Sancho non puxo sitio a esta cidade.

Berganza di que o motivo foi o feito de apoderarse García de gran parte da herdanza de dona Orraca (Berganza 1719, I, pp. 423b e 424a). Pero, dada a hostilidade existente entre Sancho II e dona Orraca, non é de crer que por defender os dereitos da súa irmá movese a guerra contra o seu irmán; en troques, é moi posible que este desposuimento servise de pretexto.

Por outra banda, a acusación de traizón feita por Sancho contra García da que acabamos de falar non pode referirse a este desposuimento. Explicaríase mellor por consentir García que Afonso entrase no seu reino e se reunise con el na cidade de Tui, como tamén referimos, ben fose en calidade de rei, ben de emperador. Esta especie de titoría que Afonso pretendía exercer sobre o reino de García e que este consentía, ou toleraba, violaba os superiores dereitos que Sancho tiña pola súa primoxenitura, e reducía a un rango inferior. Sancho, vehemente como era, considerouse traizoado.


Posiblemente ameazou con invadir o reino de León, polo cal Afonso, axudado polas súas irmás Orraca e Elvira, apurouse a darlle escusas e a desviar o seu enfado en contra de García. Sancho invade o reino de Galicia no mesmo ano de 1071, e neste mesmo ano colle prisioneiro a García e lévao a Burgos. Estes sucesos teñen lugar antes de maio do dito ano. Como puido levar a cabo tan rápida conquista e prisión? As fontes non o esclarecen, e faise preciso camiñar polas conxecturas máis ou menos probables.

Sandoval di que García estaba en Braga ocupado na súa restauración, e que ante o perigo que corría o seu reino, interrompeu os traballos. Berganza di que saíu ao encontro de Sancho e se deu un primeiro combate, que quedou indeciso; logo Sancho volveu atacar con todo o exército e García fuxiu e pediulles auxilio aos mouros tributarios. Sancho seguiu e apresouno (Sandoval 1634, fol. 27 e 28; Berganza 1719, I, p. 424).

Porén, como referimos, o 1 de febreiro de 1071 encontrábase en Tui reunido co seu irmán Afonso; por tanto, parece que nesta data concluíra, ou se ausentara dos traballos de restauración da que ía ser a futura capital do seu reino, é dicir, da cidade de Braga. Cabe supoñer que García non ofreceu forte resistencia á invasión do seu irmán Sancho; cando menos non hai indicios seguros de que tal resistencia tivese lugar. Pero tamén podemos supoñer que non se resignaría a perder o seu reino cos brazos cruzados. Talvez intentou resistir, pero lle fallaron os seus condes e cabaleiros descontentos co seu goberno. E aínda máis probable parece que por medio dalgunha estratexema se chegou á prisión de García e á conquista de Galicia.

Os xograres, malia posteriores nuns anos, referían que Sancho, acompañado de 300 casteláns escollidos, simulou ir en peregrinación a Santiago, e así obtivo entrada e paso libre en Galicia; mais, cando acudiu García para agasallalo en Santarém, Sancho aprisionouno e, levándoo por fóra das vías ordinarias, conduciuno fortemente custodiado até Castela (Menéndez Pidal 1929, I, p. 187; 1906, p. 501; *Liber Regum*, en Flórez 1761, I, p. 493; Northup 1919, p. 393).

Outros xograres posteriores din que a prisión tivo lugar en Santarém, pero nunha batalla na que o Cide librara Sancho, preso polos cabaleiros galegos, e despois se apoderara de García, facéndoo prisioneiro (Menéndez Pidal 1929, I; 1906, p. 501; *Liber Regum*, en Flórez 1761, I, p. 493; Northup 1919, p. 393).



Destes dous relatos da poesía xograresca podemos obter dous datos de indubidable valor histórico: primeiro, que Sancho conquistou Galicia por estratagemas ou engano; segundo, que a prisión de García tivo lugar nas proximidades de Santarém.

Descartamos por simple de máis a explicación da peregrinación a Santiago pola comitiva de Sancho con permiso de García, que se apodera deste rei e o leva prisioneiro. É que os poucos partidarios que tiña García ían consentir que trescentos cabaleiros levasen preso un rei a través de todo o seu reino?

En cambio, a circunstancia de que fose Santarém (Santa Irene) o lugar da prisión, precisamente polo absurdo a primeira vista, e o difícil de imaxinar, fainos sospeitar que se trata dunha realidade histórica. Pertencía Santarém ao reino de Badaxoz. Ninguén podía supoñer que Sancho, para conquistar Galicia, fose emprender a súa campaña por Santarém, cidade naquel momento en poder musulmán, e situada na beira dereita, preto da foz do Texo. Pero si cabe supoñer que García, despois de pacificados os seus súbditos por Afonso, e despois da súa entrevista con este en febreiro de 1071, aspirase a acrecentar o seu reino en dirección sur á custa dos reinos árabes. Así o fixera dúas veces Afonso VI en 1068, entremeténdose no reino paria de seu irmán, é dicir, de Badaxoz, para que Modaffar ben Alaftas e os seus fillos aumentasen os trabucos (Dozy 1860, II, pp. 161-162 e pp. 225-226).⁶

Hai unha circunstancia que confirma este suposto ataque: cando García foi desterrado non o foi ao reino musulmán de Badaxoz, que estaba máis próximo, senón ao de Sevilla. Esta hipótese explica que Sancho se presentase no reino de Badaxoz, é dicir, en Santarém, co pretexto de proporcionarlle axuda a García contra o rei Yahya, ou a Yahya contra García; pero en troques de prestarlle axuda, apresouno e levouno a Burgos.

Unha vez feito prisioneiro García, Sancho entra en Galicia sen dificultade e procura atraer con doazóns o clero e o pobo galegos. O 10 de maio de 1071 xa figuran como reis de Castela e Galicia Sancho e a súa muller Alberta na doazón feita a Arlanza por Muño e a súa irmá María.⁷ O 29 de xullo do mesmo 1071 asina, ou mellor confirma, unha doazón feita pola súa irmá a infanta dona Elvira con estas palabras:

6 Así o debeu facer Afonso Enríquez no ano 1147. Como di Da Cámara Pina: “Santarém tiña fama de posición inexpugnable. Estaba situada na beira dereita do Texo, é dicir, ao norte deste río. A súa posesión era necesaria para acadar a liña do mesmo. Antes conquistara a rexión da Limia e a cidade de Tui. De sorte que Afonso Enríquez levou a cabo os plans bosquexados por García” (1977, pp. 290 e 301).

7 *regnante rex Sancio et Alberta regina in Castella et in Gallecia* (Serrano 1925, pp. 152).

Sancius Castellae et Gallaecia rex confirmat (Risco 1796, p. 416; López Ferreiro 1898-1909, II, p. 552).⁸ Neste documento asina en primeiro lugar o bispo de Iria (Santiago) don Diego Peláez, nomeado bispo por don Sancho, tras o asasinato de don Gundisteo, con estas palabras: *Didacus Iriensis Apostolice Sedis Episcopus conf* (Flórez 1763, pp. 249-250).

O 31 de xullo do dito ano 1071, Sancho e a súa irmá Elvira restauran a igrexa de Ourense, confirman os bispos existentes noutras cidades e nomean novos bispos: Pedro para Braga e outro Pedro para Lamego. Este documento está asinado por Sancho como rei e a continuación Elvira, *Regia prole*.

Da actuación rápida, en canto aos nomeamentos de bispos en persoas da súa confianza en Galicia e en canto ás doazóns e recoñecemento dos bispos que rexían as dioceses, así como dos abades e das abadesas que estaban á fronte dos mosteiros, dedúcese que Sancho tratou de atraer os dignitarios da Igrexa, cuxa forza non ignoraba na Galicia do século XI. É máis, dáse a circunstancia de que nalgún documento, como no citado do 29 de xullo de 1071, asina antes que o rei o bispo de Iria (Santiago) Diego Peláez. Talvez teme que os eclesiásticos non aceptasen o desposuimento de García e reivindicasen a súa causa. Restaurou igrexas e cidades, entre estas continuou a restauración da cidade de Braga, comezada por García.


Respecto do repartimento acordado co seu irmán Afonso, ignórase a parte do reino de Galicia que lle entregou. Talvez fose a rexión lucense máis próxima ao reino de León. Dende logo, que existiu algunha repartición próbaos a doazón feita pola condesa Mumadona á Igrexa de Sasamón en 23 de novembro de 1071, na que despois desta data se di: *Regnante Rege Santio in Castella et in Gallecia, et Adefonso fratre eius regnante in Legionem et in Gallecia* (Flórez 1771, pp. 455-456).⁹ De feito que en novembro do 1071 verificárase a repartición de Galicia, dado que Sancho aparece como rei de Castela e Galicia, e Afonso, seu irmán, como rei de León e Galicia.

DESTERRO DE GARCÍA E LOITA ENTRE SANCHO E AFONSO

Ignórase a ciencia certa o momento en que foi desterrado o rei García ao reino mouro tributario de Sevilla. Puido ser xa no momento de caer prisioneiro e de ser

8 José Campelo (1950, p. 29) supón que o nomeamento se fixo en 1070.

9 *Archivo de la Catedral de Burgos*, Marzo 71, núm. 161.



levado a Burgos, anque con máis probabilidade debeu ter lugar o desterro despois desta viaxe do 1071 feita por Sancho, en que tratou de organizar con nomeamentos e recoñecementos a xerarquía eclesiástica en Galicia e Portugal, así como tamén despois de facer a repartición co seu irmán Afonso do reino de Galicia.

É posible que as irmás Orraca e Elvira, que consentirán na reunión de Burgos o destronamento do rei García, agora, cando este estaba apresado no castelo desta cidade, intercedesen con seu irmán Sancho, para evitar un derramamento de sangue e que o desterrase a un dos reinos mouros, cuxas parias percibía.

O certo é que, como di o *Cronicón Compostelán*, se lle permitiu refuxiarse no Reino de Ben Abbed Motámid de Sevilla. Previamente exixíuselle reféns e xuramento de vasalaxe e permitiúselles ir acompañado de cabaleiros galegos (*Chronicon Compostellanum*, en Flórez 1767b, p. 328; Lucas 1926, cap. LXIII, p. 365).

O Toledano refire unha anécdota que revela o carácter infantil de García I. Di que acompañado de trescentos cabaleiros refuxiouse entre os agarenos e tratou de persuadilos para que o axudasen cun exército contra o seu irmán; e prometeulles que lles entregaría o reino do seu irmán e mais o seu. Ao que lle responderon: se cando eras rei, non puidiches conservar o teu reino, como podes dárnolo cando o perdechesh?¹⁰ Claro é que esta nota do Toledano non ofrece todos os garantes de autenticidade.

Se a conquista de Galicia por Sancho foi empresa fácil e de espectacular éxito, non foi tan fácil chegar a un acordo na súa partición, é dicir, na distribución entre Sancho e Afonso dos territorios pertencentes ao reino herdado por García. Pronto xurdiu a mazá da discordia. No Códice de Silos, que citamos anteriormente, copiado por Berganza, dise: “que el enemigo del género humano engendró tal odio entre Alfonso, rey de León y Sancho, su hermano mayor, a causa de la envidia de Alfonso” e “que Sancho ardiendo en ira lo expulsó del reino y lo trajo prisionero a un calabozo de Burgos”.¹¹

10 Rodrigo Ximénez de Rada, *De Regibus Hispaniae*, XV, 17: *Interim autem rex Garsias assumptis secum trecentis militibus ivit ad Agarenos, et misus est suadere ut secum contra fratrem suum exercitum destinarent, regnum fratris et suum eis pollicens se daturum. Cui taliter responderunt. Cum rex esses, regnum tibi servare non potuiste; quomodo ergo perditum nobis dabis?*

11 Francisco de Berganza, *Antigüedades de España* (1719, I, p. 426): *Exhinc inimicus humani generis inmisit talem inimititiam inter eosdem duos fratres, Adefonsus rex Legionensis et frater eius Sancius maximus, Ob invidiam fratris sui Adefonsi: et comotus ira Sancius expulsus fratrem ex regno captum adduxit et in ergastulo misit...*

Pero, como vimos en páxinas anteriores, polo percorrido que fixo Sancho por Galicia, este adxudicárase para si a parte de León. Ao seu irmán Afonso debeulle de entregar unha pequena parte da Galicia Lucense, na que se incluía a rexión berciana.


A discordia estralou e deuse a batalla en xaneiro de 1072 nos campos de Golpejera, na varcia do río Carrión. Os leoneses de Afonso, que eran os máis numerosos, venceron na loita e provocaron a retirada dos casteláns de Sancho. Pero parece que Afonso deu orde de non perseguilos na fuxida. Seguros da vitoria, os leoneses ocuparon o campamento dos casteláns. Sancho, por consello do seu alférez Rui Díaz (O Cide), refai o seu exército e cae de improviso a primeiras horas da mañá sobre as somnolentas hostes de Afonso, derrótaas e prende Afonso (Lucas 1926, LXIII, p. 365).¹²

Levado este ao castelo de Burgos, onde un ano antes fora encerrado García, Orraca, que amaba con predilección a seu irmán Afonso, suplicoulle a Sancho que o enviase ao desterro, como fixera con García. Despois de tomarlle xuramento de fidelidade, enviouno desterrado a Toledo, corte do rei mouro Al-Mamún, tributario de León. Orraca conseguiu que o acompañase o seu aio Pedro Ansúrez cos seus irmáns Gonzalo e Fernando (*Cronicón Compostelano*, en Flórez 1767b, p. 328; Lucas 1926, pp. 365-366).

De acordo co seu aio Arias González e cos Ansúrez condes de Carrión, organizou a resistencia de Zamora, e como todo o mundo sabe, Sancho II foi morto por Vellido Dolfos o 7 de outubro de 1072.

Afonso, avisado por dona Orraca e de acordo con Al-Manún, saíu de Toledo en dirección a Zamora, onde o agardaban para recoñecelo como rei os magnates e bispos leoneses, asturianos, galegos e portugueses, e tamén algúns casteláns. Acompañado de Pedro Ansúrez, trasladouse con gran séquito de Zamora a León en novembro de 1072 (Lucas 1926, LXVII, pp. 370-371).

12. Así refire o consello do Cide: “Ahe —dixo— los gallegos con tu hermano el rey Alfonso, después del vencimiento de oy, fuelgan seguros en nuestras tiendas: demos de mañana sobrellos en alvoreando el día y alcanzaremos vencimiento de ellos” (*Crónica Najerense* en Cirot 1909, pp. 371-372; Sandoval 1634, fol. 29).



GARCÍA FEITO PRISIONEIRO POR AFONSO VI

Ao saber García da morte de Sancho II, presentouse en Galicia e, segundo Lucas de Tui:

como vió los gallegos venir al rey Alfonso, mucho sañudo conmenço a fazer batalla al rey Alfonso su hermano. Mas Alfonso, auido consejo de su hermana Orraca y de Pero Ansúrez, ynvio a su hermano el rey García que tratasen paz: mas García, como vio los mensajeros de su hermano y era de simple yngenio, vino al rey Alfonso no reçiendo del seguridad; mas el rey Alfonso tomó al Rey García su hermano y púsolo preso, al qual se dava toda honrra real, salvo licencia de mandar, porque consideraba Alfonso que éste reynaría después dél. (Lucas 1926, LXVII, p. 371)

Esta proxectada sucesión era un mero adaxo, pois Afonso aínda non casara.

En troques, o *Cronicón Compostelán* di que García veu dende Sevilla directamente onde o seu irmán Afonso, que adquirira o seu reino; este, por consello da súa irmá Orraca, prendeuno o 13 de febreiro de 1073, e tívoo preso deica a súa morte o 21 de marzo de 1090 (*Cronicón Compostelán*, en Flórez 1767b, p. 328).¹³

Enviouno ao castelo de Luna, nun dos vales dos montes de León (Berganza 1719, I, pp. 428a e 440b). Con grillóns nos pés de día e de noite tívoo aferrollado durante dezasete anos. Cando enfermou gravemente, Afonso deu orde de quitarlle os grilóns, mais García non aceptou este serodio arrepentimento.

Como di Menéndez Pidal, “saboreaba el amargo consuelo, que el desdichado siente en la consumación extrema de su desgracia, y se mandó enterrar encadenado como había vivido tanto tiempo” (Menéndez Pidal 1929, I, p. 226; 1906, 546b; *Cronica Najerense*, en Cirot 1909, pp. 279 e 280; *Liber Regum*, en Serrano y Sanz 1919, p. 210 e en Flórez 1761, I, p. 483; Ximénez de Rada, *De Rebus Hispaniae*, VI, 29).

O seu epitafio, copiado por Flórez, di así:

H(ic) R(equiescit) D. García Rex Portugaliae et Galeciae filius Regis Magni Ferdinandi. Hic ingenio / captus a fratre suo in vinculis obiit. Era / MCXXVIII. XI Kal. Aprilis. (Flórez 1748, p. 330; Sandoval 1634, fol. 29b)

13 O *Cronicón de don Pelayo*, en Flórez 1758, di que o apresaron *per ingenium*: engano.

Aquí descansa don García, rei de Portugal e de Galicia, fillo de El-Rei Fernando o Grande. Preso por engano polo seu irmán faleceu encadeado. Na Era MCXXVIII, o 22 de marzo.


Flórez, como acabamos de dicir, copiouno do sartego que situado no Real Mosteiro de San Marcos de León, despois de velo antes na vida de don Sancho de Sandoval e na copia dos sarteos reais de León. Polo que pode estimarse que o rei García quixo cargar de vergoña e ignominia ante a historia a seu irmán Afonso por medio destes caracteres pétreos, acreditando a súa crueldade a perpetuidade. O *Cronicón Compostelán* di que Afonso o fixo prisioneiro e que por consello de dona Orraca o encarcerou até a súa morte. Non obstante, Lucas de Tui dá unha versión un tanto diferente:

*Rex autem suprafatus Garsias, Frater Regis Adefonsi, cum esset in vinculis aegrotavit et minuit se sanguine. Sed cum nunciatum fuisset regi Adefonso fratrem suum graviter aegrotare, doluit valde et iussit cum extrahere a vinculis et ducere Legionem. Per viginti annos tentus fuit Garsias in vinculis; ad hoc servabat regem Garsiam ut regnaret post ipsum. Timebat tamen a vinculis eum extrahere, ne pararet rebellionem, et turbaretur regnum. Rex autem Garsias eum veniret Legionem in itinere mortuus est [...] sepulturae honorifice tradiderunt era MCXXIX. (Lucas 1926, LXX, p. 377; *Cronicón Compostelán*, en Flórez 1767b, p. 328; *Pelayo Ovetense: Cronicón*, en Flórez 1758, p. 487)*

O devandito rei García, irmán de Afonso, estando encadeado, enfermou e fixose un sangrado. Mais, como se fixo saber ao rei Afonso que seu irmán estaba gravemente enfermo, entristeceuse moito e mandou que o soltasen das cadeas e que o levasen a León. Durante vinte anos estivo encadeado García; coa finalidade de que reinase despois de el, mantívoo custodiado. Temía que se lle quitaba as cadeas, preparase a rebelión e perturbase o reino. O rei García, cando se dirixía a León, morreu no camiño... Foi sepultado na era MCXXIX (ano 1091).

Aínda que o relato de Lucas de Tui é 146 anos posterior á morte de García, e polo tanto, ao seu epitafio, ofrece certas variantes que convén ter en conta e amplifica a inscrición sartegal con novos detalles.

A primeira variante é que estivo encadeado durante vinte anos. De non ser un erro, como outros habituais, talvez conta os anos dende a primeira prisión de García por Sancho, no ano 1071; e como sinala a morte en 1091, velaí que sumen os vinte anos.



Pero a data de 1091 parece un erro, posto que o *Cronicón Compostelán* e a *Crónica Najerense* cadran na data sepulcral de 1090 (Lucas 1926, LXX, p. 377; *Cronicón Compostelán*, en Flórez 1767b, p. 328; *Crónica Najerense*, en Cirot 1909, p. 280).¹⁴ En segundo lugar, di que Afonso ordenou tirarlle as cadeas, e dá a entender, malia non dicilo, que a orde se cumpriu, pois non parece probable que emprendese a viaxe a León con grillóns nos pés.

A variante de maior interese é o feito de querer arredar a Afonso pola chamada razón de Estado; é dicir, para evitar unha rebelión que ensanguentase o reino, Afonso VI retivo preso o seu irmán, a quen pensaba deixar por herdeiro.

O Toledano di que don Afonso amaba certamente o seu irmán, e quería que á súa morte o sucedese no trono, e que sabendo que don García estaba enfermo, dera orde para que lle afrouxasen os grillóns, aínda que non de todo, pois desconfiaba que, como era tan díscolo, se chegaba a recobrar a liberdade, revolvería e perturbaría o reino (Ximénez de Rada, *De Rebus Hispaniae*, VI, 30). De forma que o medo a que García tratase de recobrar o seu reino puido máis que o talvez sincero e fraternal amor que lle profesaba, pois adoita dicirse que cos sentimentos non rexe o principio de contradición. Porén, non deixa de ser extrana esta ambivalencia de sentimentos.

Os galegos non se resignaron a ver en prisión o seu monarca. O conde Rodrigo Ovéquiz, fillo de Oveco Bermúdez, da familia dos Osorios e un dos máis poderosos magnates galegos, foi o primeiro en sublevarse. Pasaran os primeiros anos na corte do rei Afonso, quen o distinguiu con particular efecto. Nun diploma otorgado á Igrexa de Lugo, Afonso VI recrimínalle a súa ingratidade: “*quem ego nutrieram et honore et munere ditaveram*”; a pesar de alimentalo e enchelo de honras e prebendas... (López Ferreiro 1898-1909, III; pp. 154-157). Apoderouse da cidade de Lugo e deulle morte a Ordoño, meiriño do rei, no ano 1085, e fíxose dono de gran parte de Galicia. Afonso, que acababa de conquistar Toledo, viuse na necesidade de acudir en persoa cun grande exército. Para tomar a cidade de Lugo, tivo que derribar parte da súa muralla e unha das torres de defensa. Aos sublevados, a uns condenounos á morte, a outros ao desterro e confiscación dos seus bens. A Rodrigo Ovéquiz desterrouno a Zaragoza, na corte de Al-Mostain (Risco 1796, pp. 182-183).

14 En troques, o *Cronicón de don Pelayo*, en Flórez (1758, p. 427), di: *...misus est in vinculis super XX annos et amplius*. É dicir, por máis de vinte anos.

Con ocasión da campaña emprendida por Afonso VI contra os almorábides en 1087, fuxiu da corte de Al-Mostaín e volveu tentar sublevar Galicia; pero desta vez só conseguiu apoderarse do castro de Santo Estevo de Ortigueira (Flórez 1758, p. 487).

Dende logo, o éxito foi moi inferior ao obtido na primeira revolta, que foi nada menos que na capital de Lugo. Así e todo, a toma deste castro, pola súa proximidade ao mar e á abra de Ortigueira, ofrecía o risco de poder recibir reforzos de Guillherme o Conquistador. A morte deste, case de súpeto, a consecuencia dunha caída de cabalo, o 7 de setembro de 1087, evitou este perigo. Afonso volveu a Galicia, derrotou Ovéquiz e confiscou os seus bens, e dooullos á Igrexa de Lugo, á que este causara moitos danos. Na escritura de doazón, dásele o cualificativo de *proditor*, traidor (Flórez 1758, p. 487).

Neste mesmo ano de 1087 predeuse o bispo de Santiago, don Diego Peláez, quen tamén foi cualificado de traidor por Afonso VI. Ao que comenta Menéndez Pidal:


Se entendía el rebelde sin duda con el prelado de Compostela Diego Peláez, quien hecho Obispo por Sancho de Zamora (1071), conspiraba contra Alfonso y se proponía nada menos que entregar el reino de Galicia al Monarca de Inglaterra Guillermo, el Conquistador. La muerte del inglés el 7 de septiembre de 1087 debió de desconcertar tamaña conjura.

Esta fracasada rebelión, hasta ahora ajena al cuadro histórico general de España, merece ser subrayada, porque nos muestra la multiseccular fijeza de las relaciones que unen a los pueblos por efecto de la situación geográfica. La atracción entre Inglaterra y Portugal comienza mucho antes de la existencia de este reino, ensayándolo en Galicia como vemos. (Menéndez Pidal 1929, I, pp. 371-373)

Xa a *Historia Compostelana* dicía referíndose ao bispo de Compostela don Diego Peláez:

porque unos enemigos suyos movidos de envidia dijeron de él que trataba de arrebatar al rey de España el reino de Galicia y entregárselo al rey de los ingleses y normandos. (Campelo 1950, II, 21, p. 242)¹⁵

15 *quidem enim inimici invidiae zelo dixerunt quod Calaeciae regnum Hispanorum* (Flórez 1765, p. 16). Tamén os sublevados en tempo de Xelmírez buscan auxilio dos ingleses.



Ao que comenta Dozy:

así ahora no faltaría quién procurara el enlace de don García con alguna princesa normanda, hija acaso de Guillermo el Conquistador. (1860, II, p. 316)

Consta que nesta ou noutra conxura estivo implicado o bispo de Compostela don Diego Peláez, porque ademais da testemuña da *Historia Compostelana* citada, dise tamén noutro lugar da mesma *Historia* que Afonso VI o destituíu e mandou prender, e tívoo preso durante quince anos. López Ferreiro reduce os anos de cadea de Diego Peláez a oito anos, pero non especifica o motivo; unicamente acúsano de traizón. Roma aproba e confirma a destitución (López Ferreiro 1898-1909, III, pp. 158-159; Campelo 1950, I, 2, 17, p. 24). Por ventura non xestionaría o matrimonio do rei García cunha filla de Guillerme o Conquistador, rei de Normandía, e, despois da célebre batalla de Hastings, en 1065, rei tamén de Inglaterra? Tamén don Cresconio, como referimos, tratou de enlazalo cunha princesa imperial.

Don Diego Peláez foi nomeado bispo de Compostela por Sancho II; era natural que tamén experimentase o anoxo de Afonso VI, como o experimentado polo Cide e por outros partidarios de Sancho. A morte de Guillerme o Conquistador en 1087 desfixo todos os plans.

O que parece indubidable é que todas estas conxuras se apoiarían, como base indispensable, no rei García. Do contrario, como podían ofrecer o reino de Galicia, que non lles pertencía? Só de acordo co rei García, e reivindicando os seus dereitos, podían ofrecer en certas condicións de vasalaxe o reino de Galicia. Por tanto, a liberdade do rei García e a súa inclusión na conxura era de todo punto indispensable.

Así o viu Afonso VI e por iso o mantivo na cadea. Como consecuencia de todo o dito, é preciso admitir que non carecían de fundamento, e até certo punto de desculpa, as medidas de precaución tomadas por Afonso e aconselladas por dona Orraca; aínda que tamén hai que admitir que esas medidas foron de preocupación extremada e cruel.

Tamén hai que supoñer que García non era un home de todo inofensivo, débil e desleixado, en cuxo caso non se explicaría a toma de tales precaucións. Morreu o 22 de marzo de 1090. Nesa data celebrábase en León un concilio presidido polo legado pontificio Rainiero, que en 1099 foi elixido papa co nome de Pascual II. Con este motivo asistiu grande e distinguida concorrencia aos funerais; entre outros, as

súas irmás Orraca e Elvira, o devandito legado pontificio Rainiero, o arcebispo de Toledo Bernardo e todos os bispos e abades asistentes ao concilio (López Ferreiro 1898-1909, II, p. 555; Menéndez Pidal 1929, I, p. 226; Quintana Prieto 1977, p. 514; Pérez de Urbal e González Ruiz-Zorilla 1959, p. 124).

Deixou dous fillos, posiblemente naturais, pois non consta que contraese matrimonio lexítimo. Segundo López Ferreiro, foron don Ramiro e don Fernando García. Menéndez Pidal di que se trabucou López Ferreiro ao considerar a don Ramiro fillo de García (López Ferreiro 1898-1909, II, p. 555).


En troques, parece ser fillo de García don Fernando García, a quen na *Historia Compostelana* se lle chama poderoso e ilustre cabaleiro, e do cal solicita apoio, como parente consanguíneo seu, a raíña dona Orraca, filla de Afonso VI (Menéndez Pidal 1929, I, p. 227, nota 2; Campelo 1950, I, 63 e 64). Este don Fernando García menciónase no c. XXI do anónimo de Sahagún, inserido por Escalona na Historia deste mosteiro.

RUMBO A UNHA BIOGRAFÍA AUTÉNTICA DO REI DON GARCÍA I

Se quixésemos definir cun epíteto a personalidade do rei García chamariámolo o *malfadado*. Si, malfadado na súa vida e malfadado na historia. García tivo que cargar co sambenito do vencido, do derrotado, que leva anexo inexorablemente o esquecemento e o desprezo ante os seus contemporáneos e ante a historia; é dicir, ante a súa xeración e ante as xeracións vindeiras. Así e todo, debemos anotar no seu descargo que, se foi vencido e preso con cadeas até a súa morte, non o foi polas armas, cando menos non consta, senón que o foi debido ao engano dos seus propios irmáns, que se aproveitaron da súa boa fe e da súa candorosa confianza, na que o aloumiñaran na súa nenez.

Xa dicían os romanos: *fortes fortuna iuvat*, a fortuna axuda os fortes; e como di un escritor: “a fortuna é muller e adora os valentes”. García I foi feble, se non de corpo, cando menos de espírito. Tiña un punto débil: sucumbía ante a intriga e ante o afecto real ou finxido; non era espelido, non desconfiaba. E se algunha vez o fixo, no soubo facelo, pois desconfiou de quen non debía.

Para agochar este complexo de debilidade, do que era máis ou menos consciente, tratou de exercer a autoridade con aire despótico, con esixencias de submisión



absoluta. Este defecto talvez foi un vicio da súa educación a carón do bispo Cresconio. A educación eclesiástica tiña como norma nesta época a vida monacal, na que o abade manda e os monxes obedecen sen retrucar. Se non profesaba a doutrina de *quod principi placet lex*, cando menos quería afastarse moito daquela outra: “cada un de nós é tanto coma vós e todos xuntos máis ca vós”. Polo tanto, este segundo erro constitúeo nun inadaptado.

No entanto, estamos lonxe de xulgar que García fose un mirrado somático ou un tarado psíquico; ao máis foi un desequilibrado entre as súas concepcións e as súas posibilidades. Adoito as súas perspectivas son lúcidas e até xeniais, mais carece de método ou de enerxía para levalas a cabo, é dicir, os seus proxectos non pasan de ser puros soños.

O seu enfoque político pode considerarse como precedente do reino futuro de Portugal; a historia realizou a concepción que el non puido levar a cabo. Intentou facer un reino coa capitalidade en Braga, coa base histórica de que o fora en tempos dos suevos, e así librábase da inxerencia tutelar ou dos choques cos poderosos bispos composteláns. Intentou prolongalo cara ao sur, nunha franxa occidental que chegase dende o Miño até o Texo. Para conseguilo, talvez pactou co seu irmán Afonso que abandonase a conquista do reino mouro de Badaxoz, a cambio de consentir a súa soberanía sobre a Galicia trasmiñota, a partir da divisoria do Miño. A súa última campaña foi o intento de tomar Santarém. Finalmente, intentou alianza matrimonial primeiro cunha irmá de Henrique IV, emperador de Alemaña; máis tarde, e xa en prisión, cunha filla de Guillerme, o Conquistador, duque de Normandía, que conquistou Inglaterra. Por ventura non foi este o camiño seguido por Portugal para obter e consolidar a súa independencia de Castela e de España? Dirección atlántica, axuda de Inglaterra. Non podemos afirmar que fosen simples soños dun tolo. A sorte non sempre acompaña a intelixencia; e o método, a enerxía e os recursos á vontade. Tamén hai que ter en conta os obstáculos e as forzas contrarias imponderables que impiden a plasmación das ideas, así como as que a favorecen. De pouco serviría a idea de Colón sen a axuda da raíña Católica e dos Pinzones.

Polo tanto, estimamos que os seus proxectos non foron desatinados; talvez inviables na súa época. Tampouco cremos que se trate dun ciclotímico, dun soñador fantástico ou dun desleixado inútil. Xa dicía Leibniz que nada existe sen razón suficiente. O feito mesmo de que Afonso VI, en conveniencia coa súa irmá Orraca, o tivese encadeado até a morte vén confirmar que era perigoso, cousa que non podía

ser se se tratase dun inepto o dun extraviado mental. Talvez estaba implicado no proxecto de alianza con Guillerme de Normandía (o conquistador de Inglaterra) a base do seu matrimonio cunha filla deste, o que provocou a prisión e destitución de Diego Peláez.

Por outra banda, en terra de xigantes, os homes de normal estatura poden ser considerados pigmeos. Os fillos de Fernando I e de dona Sancha son personalidades de tal dimensión que con dificultade se encontran outras equiparables en toda a historia de España. De Sancho II di o epitafio que era París pola súa beleza e Heitor pola súa bravura. Podería dicirse o mesmo de Afonso VI, pero habería que engadir que era Ulises pola súa sagacidade, home equilibrado, de simpatía asoballadora, valente e cordial, sereno e rexo.


Para decatarnos de que eran de categoría heroica, basta dicir que tiveron heroes da altura de Rodrigo Díaz de Vivar, o Cide, de Gonzalo Arias e Pedro Ansúrez, con outros coma el, descendentes dos Beni Gómez, ao seu servizo; personaxes de verdadeira epopea. Nada desmerecían as mulleres, especialmente dona Orraca, de talento, beleza e enerxía extraordinarias, capaz de dirixir e mandar sobre os seus irmáns, así como de enfrontarse a eles e loitar a morte coa paixón de verdadeira amazona. *Mente dira*, de gran talento, pero de corazón duro (*Pelayo Ovetense*, en Flórez 1758, p. 479).

Neste ambiente de grandeza cabe supoñer que García descendía bastante e non pasaba de ser unha *aurea mediocritas*; ao máis, unha mediocridade, non ordinario, con certo brillo de talento, non vulgar nin mediocre.

É posible que García I non fose un París pola súa figura. Sabemos que os proxectos de casalo con infantas imperiais ou normandas fracasaron. Aínda que se sabe que na altura, os matrimonios non se facían polo atractivo mutuo dos contraentes, senón por comenencias políticas ou sociais; con todo, non se descoñecían en absoluto, as noticias corrían por boca dos paxes, xograres e monxes.

É seguro que non foi un Heitor, é dicir, un guerreiro destro e valente; cando menos non o demostrou. Só sabemos da súa única vitoria sobre os sublevados de Braga en 1071, na batalla de Pertolini.¹⁶ Si intentou unha campaña contra o reino

16 *Sanctius forma Paris et ferax Hector in armis, clauditur hoc tumba factus pulvis et umbral* (Berganza 1719, I, p. 435).



de Badaxoz e tratou de tomar a cidade de Santarém, como vimos, e esta empresa rematou co seu apresamento.

A cotío, a vida familiar na infancia dos reis ou altos personaxes, como a dos demais mortais, aínda que pase desapercibida, adoita ser unha parodia anticipada en miniatura da futura proxección política e guerreira. Lembremos o caso das Meninas de Velázquez, nas que o xenial pintor perfilou as raíñas futuras. Se imaxinamos a vida familiar na corte de Fernando I, hai que supoñer que a presenza paterna durante largos días destacaba pola ausencia.

Os fillos máis novos, como García, contemplarían de cando en cando a súa face guerreira nos seus breves regresos, toucado con casco e coiraza de ferro. Fernando repousaría ao rematar unha campaña, para comezar outra. A presenza materna sería en troques continuada e, á parte de inculcar na mente dos seus fillos as prácticas devotas, tería moitas veces grandes angueiras en manter a paz no grupo familiar. Ás veces toda a familia acompañaba o rei cando sitiaba unha cidade, como no caso de Coímbra, tomada por Fernando I, pero isto non era o habitual; ademais xa ocupaban o reino designado polo seu pai Fernando I en herdanza.

É de supoñer que Sancho, pola súa idade e pola súa forza, tratase de impoñer e esixirlles obediencia aos seus irmáns, e que estes constituísen algunha especie de alianzas defensivas capitaneadas por Orraca, a irmá máis vella, ou por Afonso, o que, por ser varón, podería xuntar a resistencia ante o dominio despótico do irmán maior.

Sabemos tamén que entre os irmáns existen preferencias e xenreiras infantís, que adoito perduran na idade adulta. Orraca, segundo don Lucas de Tui, vestiu e alimentou o seu irmán Afonso cando era neno. Naceu en 1032 e Afonso en 1040, por tanto, leváballe oito anos. Sabemos que o amaba entrañablemente, *medulitus*, máis ca os outros irmáns, con afecto fraternal e até, segundo as malas linguas, con paixón erótica incestuosa.¹⁷ En troques, parece que existiu xenreira entre Orraca e García; a este, nacido arredor de 1045, leváballe Orraca trece anos. Sería Elvira a que lle dispensou algúns coidados cuasimaternais?

Se cremos a Berganza, García apoderouse inxustificadamente dos bens de Orraca. Orraca cobroulle a conta deste abuso asentindo á conquista de Galicia por Sancho, e incitando a Afonso a que o mantivese dezasete anos en prisión. Segundo Menéndez

17 “Orraca amo tiernamente a Alfonso desde su mocedad por amor harmanil... porque, como fuere mayor en edad, criavalo y vestialo en lugar de madre” (Lucas 1926, p. 370).


Pidal, “amó al predilecto con todo el amor de sus entrañas mas no tuvo entrañas para los otros hermanos; aun peor sus entrañas eran de fiera”. As crónicas chamábanas *mente dura*, de corazón fero (Menéndez Pidal 1929, I, p. 210).

Elvira e García ocupan un posto máis baixo na sociedade familiar da rexia corte de Fernando e Sancha. Elvira parece que foi modesta abondo nas súas pretensións e na súa vida. Fixo vida de princesa obrigada a levar unha vida de celibato, coa que non sempre estivo de acordo, e deixou bastante que desexar. Afonso VI fixo as paces co conde castelán don García de Cabrera, a quen causara unha grave afronta, a base de entregarlle en matrimonio súa irmá Elvira. Na orde biolóxica, García ocupa o último lugar; non só era feble debido aos seus poucos anos, senón posiblemente pola súa constitución fisiolóxica. Temperamento linfático e asténico, foi con seguridade obxecto de burlas por parte dos seus irmáns; e de aloumiños, por ser o máis novo, de seus pais¹⁸ e ás veces tamén dos irmáns, que o converten nun sentimental.

Se supoñemos que nos xogos infantís xogaban a mouros e cristiáns e aos torneos, cousa moi natural, talvez García sentise máis propensión a erguer altares e a escoitar contos ou lendas. Fai sospeitar que o seu pai Fernando I vise nel un posible candidato á Igrexa ou ao mosteiro, cando aos dez anos llo entregou para a súa educación ao bispo Cresconio de Compostela. Vive, ou mellor vexeta, á sombra do pazo arcebispal; e así convértese nun soñador. Sentiu sempre complexo de inferioridade cara aos seus irmáns máis vellos e entregábase a eles con ilimitada confianza, cando estes lle brindaban amizade e agarimo, como talvez fixeran de nenos. Foi sempre débil e necesitado de apoio; pero posiblemente o máis culto e intelectual dos irmáns. A desconfianza en si mesmo foi unha das súas maiores eivas. Soñou cun reino que comprendese a parte occidental de España, é dicir, Galicia e Portugal, cando menos até a liña do Texo. Indubidable proba do seu talento teórico.

A fatalidade fixo que fracasase nas súas aspiracións; en parte por falta de orde e táctica para poñer en práctica as súas ideas, en parte polo obstáculo que atopou na cobiza e forza moi superior dos seus irmáns. Así e todo, hai que convir que o seu programa político e os seus intentos de alianza co Imperio e con Inglaterra deron a pauta ao posterior reino de Portugal, que tamén seguiría a progresión lonxitudinal

18 *Eo tempore rex Alfonsus offendit graviter comitem castellanum Garsiam de Cabrera, et causa placandi ipsum dedit ei Gelayram sororem suam in uxorem, et pacificavit totum regnum* (Lucas 1926).



pola costa atlántica e buscaría o apoio de Inglaterra (Peres 1970, pp. 55 e ss.; Cortesão 1978, pp. 92 e ss.).¹⁹

O seu programa político foi sen dúbida claro na súa concepción, pero non soubo ou non puido convertelo en realidade. Foi, segundo a clasificación de Spranger, *homo theoreticus*, mais non *homo practicus*. Tras o asasinato de Sancho II no sitio de Zamora en 1072, abandonou rápido a corte do rei mouro de Sevilla, na que estaba desterrado, e presentouse en Galicia para impedir que os nobres e bispos galegos e portugueses aceptasen como rei o seu irmán Afonso VI.

Tratou de defender os seus dereitos coas armas, pero a astucia feminina da súa irmá Orraca venceuno por medio do engano. Con boa fe e cándida confianza nos seus irmáns aceptou entrevistarse con Afonso sen a mínima precaución, por tanto foi infantilizado. Este, por consello de Orraca, prendeuno e no castelo de Luna, con grillóns nos pés, tívoo encerrado durante dezasete anos, é dicir, até a súa morte no ano 1090.

Ordenou que se tivesen todas as consideracións con el e que de nada o privasen excepto “do mando” e naturalmente da liberdade. Desculpouse de semellante crueldade aducindo que o tiña así para que á súa morte o substituíse en todos os seus reinos. Afonso VI naquel momento estaba solteiro e despois non tivo fillos varóns até a morte de García, data na que tivo coa moura Zaida a Sancho, que morreu na batalla de Uclés (1108).

Non podemos menos que admirar certa grandeza de alma e digno orgullo, particularidade da súa proxenie, ao negarse a que lle quitasen as cadeas, cando en 1090 se viu afectado de enfermidade mortal. Quixo que as cadeas que o suxeitaran en vida figurasen no epitafio da súa campa.

Dirase que revela a vinganza do feble e do impotente; pero entendemos que máis ben dá a entender que polas súas veas corría aínda sangue dos Sanchos e dos Fernandos. Non podemos negar que García foi un rei malfadado, un encadeado digno de consideración. Pero non estimamos que en xustiza mereza as duras zafranadas do historiador Benito Vicetto:

19 Como dixemos anteriormente, Afonso Henriques seguiu os plans bosquexados por García na conquista de Tui e de Santarém. Véxase Pina (1977, pp. 299-301).

Don García II de Galicia y primero de Portugal, como hombre es digno de benevolencia del historiador, pero como soberano independiente, su negra memoria será siempre repugnante para todo hijo de Galicia.²⁰

E noutro lugar:

¿Qué gallego habrá, pues que al abarcar con su pensamiento, el reinado de don García no sienta una sensación repulsiva hacia su imagen siniestra?

En verdade, non encontramos motivo deste rexeitamento (Vicetto 1861, III, pp. 331-332). Tamén fracasaron grandes heroes como Viriato e Sertorio. Máis ben, entendemos que García pode ser considerado coma un símbolo e encarnación de Galicia a través da súa historia. Cadaquén ten o seu modo de ver as cousas e na historia nin son todos os que están, nin están todos os que son no cumio da gloria. É máis digno de compasión ca de desprezo; xa que malfadado na súa vida, rompamos as súas cadeas na lembranza da historia, á luz dunha crítica imparcial.

REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

- Argáiz, Gregorio (1675). *La soledad laureada por San Benito y sus hijos en las Iglesias de España*. En Madrid: a costa de Gabriel de León.
- Berganza, Francisco de (1719). *Antigüedades de España, propugnadas en las noticias de sus reyes, y condes de Castilla la Vieja en la historia apologetica de Rodrigo Diaz de Bivar dicho el Cid Campeador y en la Coronica del Real Monasterio de San Pedro de Cardeña. Parte primera*. En Madrid: por Francisco del Hierro.

20 Debido a un erro, o historiador Vicetto chámalle García II en troques de García I. Talvez considerou a García primoxénito de Afonso III, como primeiro rei de Galicia. Pero o nomeado rei de Galicia por Afonso III foi o seu fillo Ordoño; precisamente este nomeamento motivou a sublevación do fillo máis vello don García e dos menores don Fruela e don Ramiro, auxiliados pola súa nai dona Xemena. Afonso III, para evitar a guerra civil, abdicou no ano 909 e morreu en 910. O seu reino repartiuse entre os seus fillos. Ordoño seguiu á fronte de Galicia; García gobernou León, Álava e Castela e titulouse rei á morte do seu pai; e Fruela II quedou á fronte de Asturias. García morreu en Zamora de enfermidade aos tres anos, o 19 de xaneiro de 914. Ordoño II trasladou a súa corte a León. Por tanto, García, primoxénito de Afonso III non foi rei de Galicia.

- Campelo, José, ed. (1950). *Historia compostelana, o sea hechos de D. Diego Gelmírez, primer arzobispo de Santiago*. Santiago de Compostela: Porto. Traducción de Manuel Suárez.
- Chamoso Lamas, Manuel (1941). *Riyadavia*. Santiago de Compostela: Bibliófilos Gallegos.
- Cirot, Georges (1909). Une chronique léonaise inédite. *Bulletin Hispanique*. II, 259-282.
- Cortesão, Jaime (1978). *Os factores democráticos na formação de Portugal*. Lisboa: Livros Horizonte.
- Díaz y Díaz, Manuel (1975). La Escuela Episcopal de Santiago en los siglos XI-XIII. *Liceo Franciscano*. 28 (82-84), 183-188.
- Dozy, Reinhart Pieter Anne (1860). *Recherches sur l'histoire et la Littérature de l'Espagne pendant le Moyen Age*. Leyden: E. J. Brill.
- Ferreras, Juan de (1700-1702). *Synopsis Histórica chronológica de España*. En Madrid: Por Francisco de Villa-Diego.
- Fisen, Bartholomaeus (1642). *Historia Ecclesiae Leodiensis*. Leodii: E typographeo Ioannis Tournay.
- Flórez, Enrique (1748). *España sagrada: theatro geographico-historico de la iglesia de España*. III. *Contiene la predicacion de los apóstoles en España...* En Madrid: [s.n.].
- Flórez, Enrique (1758). *España sagrada: theatro geográfico-histórico de la iglesia de España...* XIV: *De las iglesias de Abila [sic], Caliabria, Coria...* En Madrid: en la Oficina de Antonio Marin.
- Flórez, Enrique (1759). *España sagrada: theatro geográfico-histórico de la iglesia de España...* XV. *Provincia antigua de Galicia y su metrópoli, la Iglesia de Braga*. En Madrid: en la Oficina de Antonio Marin.
- Flórez, Enrique (1761). *Memorias de las reynas catholicas: historia genealógica de la Casa Real de Castilla y de León...* En Madrid: por Antonio Marin.
- Flórez, Enrique (1763). *España sagrada: theatro geográfico-histórico de la iglesia de España...* XVII. *De la Santa Iglesia de Orense*. En Madrid: en la Oficina de Antonio Marin.
- Flórez, Enrique (1765). *España sagrada: theatro geográfico-histórico de la iglesia de España...* XX. *Historia compostelana*. En Madrid: en la Oficina de Antonio Marin.

- Flórez, Enrique (1767a). *España sagrada: theatro geográfico-histórico de la iglesia de España...* XXII. *Iglesia de Tuy*. En Madrid: en la Oficina de Antonio Marin.
- Flórez, Enrique (1767b). *España sagrada: theatro geográfico-histórico de la iglesia de España...* XXIII. *Iglesia de Tuy. Continuación*. En Madrid: en la Oficina de Antonio Marin.
- Flórez, Enrique (1771). *España sagrada: theatro geográfico-histórico de la iglesia de España...* XXVI. *Contiene el estado antiguo de las Iglesias de Auca, de Valpuesta, y de Burgo ...* En Madrid : en la oficina de Pedro Marin.
- Herculano, Alexandre (1846-1853). *História de Portugal de Alexandre Herculano: 1.ª época, desde a origem da monarquia até D. Afonso III*. Lisboa: Bertrand.
- Herculano, Alexandre (1856). *Portugaliae Monumenta Historica: A Saeculo Octavo Post Christum Usque Ad Quintumdecimum...* Olisipone: Typis Academicis.
- Isidoro de Sevilla, Santo (1778). *Divi Isidori Hispalensis episcopi Opera Philippi Secundi catholici regis jussu et vetustis exemplaribus emendata*. Matriti: Bartholomaei Ulloa.
- López Ferreiro, Antonio (1898-1909). *Historia de la Santa A. M. Iglesia de Santiago de Compostela*. Santiago: [s.n.] (Imp. y Enc. del Seminario Conciliar Central).
- Lucas, bispo de Tui (1926). *Crónica de España*. Madrid: Real Academia de la Historia. Edición de Julio Puyol.
- Menéndez Pidal, Ramón, ed. (1906). *Primera crónica general de España*. Madrid: Bailly-Bailliere e Hijos, editores.
- Menéndez Pidal, Ramón (1929). *La España del Cid*. Madrid: Plutarco.
- Murethach (1977). In *Donati Artem Maiorem*. Corpus Christianorum, XL. Turnholti: Typographi Brepols Editores Pontificii.
- Northup, George Tyler (1919). The imprisonment of King García. *Modern Philology*. 17 (7), 393-413.
- Peres, Damião (1970). *Como nasceu Portugal*. Porto: Vertente.
- Pérez de Urbal Justo e González Ruiz-Zorilla, Atilano, eds. (1959). *Historia Silense*. Madrid: Consejo Superior de Investigaciones Científicas, Escuela de Estudios Medievales.

- Pina, Luís Maria da Câmara (1977). Da personalidade militar de D. Afonso Henriques. En: Academia Portuguesa da História, *Alexandre Herculano à luz do nosso tempo*. Lisboa: Academia Portuguesa da História, 292-298.
- Quintana Prieto, Augusto (1977). *El obispado de Astorga en el siglo XI*. Astorga: Gráficas Cornejo.
- Risco, Manuel (1786). *España sagrada: teatro geográfico-histórico de la iglesia de España... XXXV. Memorias de la iglesia de León (siglos XI-XIII)*. En Madrid: en la oficina de Pedro Marin.
- Risco, Manuel (1796). *España sagrada: teatro geográfico-histórico de la iglesia de España... XL. Antigüedades de la ciudad y Sta. Iglesia de Lugo*. En Madrid: en la oficina de Pedro Marin.
- Sandoval, Prudencio de (1634). *Historia de los reyes de Castilla y de León, Don Fernando el Magno ... infante de Navarra; Don Sancho ...; Don Alonso, sexto de este nombre, sacada de los privilegios ...* Pamplona.
- Serrano, Luciano (1925). *Cartulario de San Pedro de Arlanza: Antiguo Monasterio Benedictino*. Madrid: Centro de Estudios Históricos.
- Serrano y Sanz, Manuel (1919). Cronicón Villarensense (*Liber Regum*). Primeros años del siglo XIII. La obra histórica más antigua en idioma español. *Boletín de la Real Academia Española*. VI, 192-220.
- Vicetto, Benito (1861). *Historia de Galicia*. Coruña: [s.n.], (Est. tip. de Castor Míguez).

Resposta do excelentísimo señor don
Xosé Filgueira Valverde



Señores académicos,

Adiantarse pra dar a benvinda, no nome da Corporación, a un novo membro que fora, en tempos, o noso discipulo, é unha ledicia chea de espranzas; cando chega un compañeiro de traballo é unha nova proba de amizade. Se o eleito é considerado, por un, como verdadeiro mestre, á máis fonda gratitude polos ensinamentos recibidos axúntase a agarda de que siga exercéndoos antre nós e a ese xeito de filialidade que, soio co infruxo da formación, agroma. Estes son os sentimentos con que hoxe me dirixo en nome de todos vós ao doctor Casimiro Torres, do que tantos e tanto temos adeprendido.

Outro azo enche de emoción as miñas verbas. Que un galego entregue a súa laboría aos nosos estudos e poña o meirande fervor cando traballa nos eidos da nosa cultura é unha sagra obriga; que un home nado e formado fóra de Galicia, anque seña dentro dos seus vellos lindeiros históricos, se entregue á xeira, como o fai o novo académico, é todo un exemplo. Ben sei que o engado do noso idioma ten, dende o seu apoxeo medieval, o aglaio que somentes acadan as linguas poéticas; ben sei, tamén, que na nosa Academia teñen acadado asento ilustres persoeiros do saber galego chegados de fóra. Nembargantes, é diña de ser suliñada a presenza, longamente sostida, de eruditos chegados das terras señoreadas pola vella Astúrica, onde os homes do Bierzo siguen mantendo a súa fidelidade á *Gallaecia gençor*.

Abonda citar eiquí os nomes egrexios de don Andrés Martínez Salazar, académico fundador, ilustre na súa obra e na súa descendenza, nado en Astorga, que presidiu, siquera fugazmente, a Corporación, sucedendo ao patriarca Murguía; ou a outro astorgán, Don Marcelo Macías, tamén fundador, que señoreou, co seu verbo e co rigor dos seus inquéritos, a acrópolis ourensá.

O novo académico que vén ocupar a cadeira onde, un día, seeron López Ferreiro e Artaza Malvárez, é, como eles, e como aqueles seus paisanos da Galicia hoxe leonesa, un medievalista. E, por feliz conxeito, como o creador da Biblioteca Gallega e como o autor da *Historia da Catedral de Santiago* é un facultativo de arquivos. A sucesión de López Ferreiro vénlle ben aquecida, pois en Compostela, e tal como el o fixera, soupo aquínoar o seu tempo antre o exercicio do mester pastoral, os escrinios dunha magna Biblioteca e do Arquivo, o ensinio e o circio escodriñamento das nosas realidades históricas.

A chamada ao mundo crásico e á romanidade, que saben escoitar os homes de letras asturicenses, enroitou a don Casimiro Torres ao estudo de temas guieiros na nosa hestoria antiga, tan deixada: as Kasitérides, a vinda dos gregos a Galicia, a leenda da prata, as guerras cántabras; os enigmas do Medulio, o culto ao emperador, os lindeiros xeográficos da Gallecia nos séculos IV e V. Non esqueceu os grandes persoeiros da cultura nordpeninsular nestes séculos nin o seu talante ecuménico. Demóstrao o seu estudo da viaxe da monxa Egeria, publicado polo Centro Galego de Buenos Aires, coa versión galega. E agarda a edición unha obra sobranceira: a tradución dos grandes libros *De Moesta Mundi* de Orosio, primeira historia universal, escrita dende as perspectivas da unidade dos homes e do senso teolóxico no xogo dos tempos. Tal que don Marcelo sentiu o traguemento dos intres máis escuros da nosa historia: os da invasión xermánica. Pouco importa que as xenias galegas tivesen a ufanía da proxenie gótica e os seus cronistas gabasen neles “a sangue dos godos”, ou que a Suevia fose un fito na exaltación romántica do rexurdimento. O certo é que poucos como Macías e Torres tiveron azos pra se adentrar, con seguranza, nas trebas do primeiro medievo. Foi a do novo compañeiro que hoxe ingresa unha aportación longa e vizosa: a situación xurídica dos suevos, a chegada dos invasores, os heroes e mártires do século V, Reckiario, Miro, as supersticións de Hidacio, a reintegración á Eirexa Católica, San Martiño de Braga... De recente, o traballo de toda unha vida sobre os temas da *Galicia Sueva* veu granar no libro maxistral editado na Galicia Histórica que patrocina a Fundación Barrié, axiña esgotado, como proba de que as xentes degoiran obras fondas sobre as liñas maestras do noso vivir antergo.

Adiantando no camiño da historia, era lóxico que o doctor Torres Rodríguez, afillado en Santiago, houbera de traballar nos eidos que López Ferreiro decruara. A esta abirta pertescen tanto o inquérito, ben trabado, sobre o esquencido Pedro o Compostelán, como o que acabades de escoitar e que enche o valdeiro que na propia *Historia da Catedral* viña sinalada cando se adicaban, no remate do tomo segundo,

“unas palabras” ao infortunado rei de Galicia, don García, porque non facelo sería, decía o autor, “incurrir en descortesía”. Valdeiro que revela que os máis circios cultivadores da nosa historia sentíanse alleos ao tema porque seguían ollando como feble a figura e como sempre noxenta a conduta de un home que houbera merecido entrar no panteón dos persoeiros nacionaes, centrando creacións literarias, como protagonista dunha patética traxedia, dunha axitada novela, dunha etopeia escrita *cum ira et cum studio*. Antramentras, maxinabamos heroes ou aureolabamos discutidos guieiros, favorecidos pola revirandeira Fortuna, que tamén xoga ca pervivencia na fama repartindo desiguadamente os seus favores.

Pois nin siquiera a poesía tradicional galega nin o romanceiro vello recolleron a tristeira xesta deste tráxico rei, prisioeiro en vida e morte. A entrada nos romances coído que é serodia, a mediados do XVI, nas refendas cronísticas do sevillán Lorenzo de Sepúlveda:

En el castillo de Luna,
está preso Don García
que era Rey coronado
dese Reino de Galicia;
prendiérale el Rey Don Sancho
que su hermano se decía...

[...]

García está en la prisión
veinte años y más había
con prisiones a los pies,
moverse non se podía.
No lo osan d'ella sacar
que muy gran temor tenía

[...]

Dijo á Alfonso su hermano,
con gran dolor le decía:
—Hermano, yo de la muerte
escapar ya non podía;
no quiero quitar los hierros

que a los mis pies yo tenía
pues no me fueron quitados,
tantos años de mi vida.

Quiérolos llevar conmigo,
pues que son mi compañía
a mí enterrarán con ellos,
así a vós lo pedía.

En San Isidro, en León,
porque así yo lo quería.
Así como él lo mandó
Don Alfonso lo cumplía.

E na historiografía os vellos cronistas do Reino e os escritores dos séculos XVII e XVIII tampouco souperon comprendelo. Nin Rodríguez de Novoa, o máis documentado e o menos coñecido, puxo de resalte o seu sino. Coido que, salvo mencións fugaces, é mester chegar ao grande Otero Pedrayo pra atoparnos unha comprensión total da figura. Dinos:

Na súa xuventude foi Gelmírez testemuña da traxedia do rei galego García. Ca súa mala fortuna García desbaratou a posibilidade dun reino da Galicia coincidente ca vigorosa personalidade do país galego. A brava Castela, pastoril e guerreira, fronteiriza e probe, de onde nasce o Condado, ten a forma dun marco montañoso que, dende Cantabria a Gredos, como un brazo erguido ou unha tensa beesta carregada de frechas, dominou as chauras ruraes de León, a ilustrada corte real, e non deixou escapar a lonxana Galicia. Tal vez un poder marítimo, máis cedo, tivese afianzado politicamente a insularidade étnica e cultural da Galicia, como afirmou posteriormente a Independencia de Portugal... E pouco histórico, no senso profundo da palabra, o xuício corrente sobre as loitas antre os fillos do emperador Fernando (nótese como o primeiro rei castelán é xa un emperador) ao presentalas como simples loitas patrimoniaes. Baixo a súa aparente catividade determinában o sino vindeiro do destino das nacionalidades da España occidental e, precisamente, no intre da súa eclosión, Sancho, o xefe dos pastores, trunfa dos seus irmáns, xefes de agricultores ou de cidades fronteirizas nadas pra repúblicas (Zamora, Toro). Cicais García non estivese convencido da potente realidade galega.

Nin se tiña, denantes de Otero Pedrayo, afondado na interpretación histórica dos feitos nin na percura do home que fora don García, criado pra “clero”, que ve frustrados os desinios matrimoniaes que, xa da man dos cluniacenses, tencioaban un horizonte europeísta pra a corte galega, co entroque da casa sálica, na filla de Henrique III, que casou en segundas nupcias ca de Guillerme V de Aquitania; ou na filla doutro grande home de estado que foi Guillerme o Conquistador; un e outro con programas consolidadores da coalición occidental e dunha unidade de cultura, en que foron peza chave as pelerinaxes a Compostela. Latexaba nestas teimas a mesma visión universalista, tan nosa, que tramaba, cos seus pactos outro fracasado, o bispo Diego Peláez, mancornada no ríspeto *nolli foras ire* namentras Toledo se erguía ca Primacía, frente a Santiago. Nin poideron comprender o senso unitario da Galicia histórica que el pretendía cando se achegaba a Portugal, levando a corte a Ribadavia, ou logo co asentamento de Braga; nin as motivacións fondas que o obrigarían a se entregar á sórdida cárcer dun valido —a figura máis odiada nos reinos peninsulares— e que logo o fixeron caír nas prisións dos seus hirmáns e nas malandanzas dos exilios polas cortes árabes e cristiáns. Nin engrandeceran a estampa do seu cadávere encadeado recibindo os honores dunhas exequias reás que eran, en certo modo, as exequias do Reino de Galicia.

Esta é a figura que o doctor Casimiro Torres vén reivindicar hoxe diante nós, poñendo de resalte, con honestidade histórica, a realidade do seu fracaso, que foi tamén o do noso pobo, do que é tristeiro símbolo.

Taes son os moi fondos valores que atingue co seu discurso de ingreso, o novo académico. Un traballo que proba, unha vez máis, a súa circia preparación como historiador, revelada xa en tantos estudos, que amostraban ás craras o pulo dino dun mozo que o sigue animando, cando xa pode ollar a vida dende un outeiro de moitos anos de ciencia e de esperencia. E como promesa das máis vizosas achegas á laboría desta academia que o elixeu, unánime, e agora o recibe lediciosa.

Teño dito.

Real Academia Galega
Rúa Tabernas, 11
15001 A Coruña
www.academia.gal



REAL ACADEMIA GALEGA

